

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 98 * DO 14 AO 20 DE MARZO DE 1980 * 40 PTS.

Fisterra


¿FRAUDE NAS ELECCIONS A COFRADIA?



TXILLARDEGI
candidato de Herri Batasuna:
a importancia da
identidade nacional



A construción: UGT COA PATRONAL
ZIMBABWE NO FIN DA SEGREGACION E O NEOCOLONIALISMO
OS LABREGOS CONTRA O GOBERNO EO MERCADO COMUN



CAMBIAZ OS TEMPOS...

Enrique Lister falou soloprendentemente esoutro dia en "Matinal Galicia". "Desarrollamos la democracia con un Rey que a mi me gusta más que Azaña. Yo pienso que Juan Carlos I es menos reaccionario que Azaña".

E hai quen pensa, D. Enrique, que cada quen ten que turrar da sua...

Mais tarde, o secretario xeral do PCOE dixo: "Se que estas afirmaciones me van a crear toda una serie de problemas con los republicanos, pero el problema aqui no es de personas ni de hom-bres".

iPois por iso, hom, por iso!.

"NOMAS" ENTRENADOR

"El País" do 6 de marzo definiu moi ben, "vamos a ganar", afirmo ayer el ministro de Educacion, Jose Manuel Otero Novas, antes de acudir al Pleno del Congreso, como el entrenador de futbol antes de saltar los jugadores al campo. "E parece que Otero Nomas, nunha arrincada de celo (¿ou histerica?) ameazou con que "El Estatuto de Centros será eterno". E ao final, fixo nada menos que tres viaxes a Euskadi para pedirlle ao PNV "su regreso al Parlamento cuando este proyecto de ley se discutía en la Comision de Educacion".

O partido debia ser dificil, can-do Otero foi buscar "reforzos". ¿Ou iria recobrar un "cedido"? De todas maneiras, se ve que tiña que xogar outro partido mais importante, e o PNV non volveu.



ROSTRO "PEDRIDO"

O da UGT non o supera nen o filósofo Dioxenes, a quien, por razons non exactamente identicas as presentes lle quedou o alcume de "O cinico". Resulta que a vella Comision Negociadora da Construcion a compoñian 4 membros da CSUT, 4 de CC.OO, 1 da ING e dous "regalados" (que non lles tocaban) un a USO e outro a UGT. E resulta que Javier Pedrido, secretario xeral da central en Galicia, ven de decir cousas coma esta, "Quienes afirman que no somos mayoritarios, tendran que demostrarlo. No quiero entrar ni salir en este tipo de litigio, pero entiendo que nosotros no tenemos que hacer semejante demostracion, sino que eso corresponde en todo caso a quienes expresan tales dudas acerca de nuestra implantacion en el sector".

Unha de tres, ou as matematicas non carburan, ou o que non carbura e a cabeza dun, ou algun ven de bater un record de dureza facial.

"Por otra parte", segue "El Correo Gallego", "el secretario general ugetista apoyo su reflexion en la advertencia de que el volumen de la incidencia de la central socialista en el sector de la Construcion podria medirse a partir del hecho de que la UGT ha sido admitida como interlocutor valido...".

Con tais avales e tais avaladores, dabanlle a UGT un creto en calauer Banco. Agora a ver o creto que lle da a clase obreira...



A TRISTURA DE CARTER

Resulta, segundo a "Hoja del Lunes de La Coruña", que "los Estados Unidos no pediran a Iran perdon por los delitos cometidos por el Sha", cosa que a Khomeini e compañia pensamos que nunca se lles ocurriu nen di-xeron. Noustante, "El Presidente está dispuesto a mostrar su tristeza y preocupación bajo el régimen del Sha, pero eso es lo más lejos que está dispuesto a llegar".

Xa non é pouco o retrotraer-se ao pasado para sentirse "triste e preocupado. Que non digan que un non se adapta a todo..."



**O 28
DE
MARZAL
A PRENSA
GALEGA
"CENTENARIA"
A NOSA TERRA
ESPECIAL
NUMERO 100**

CONFLITO NA CONSTRUCIÓN EN PONTEVEDRA UGT COA PATRONAL

"Que se vaian...os da UGT. Así cantaban mais de tres mil obreiros da construción, empapados pola choiva, rua Jose Antonio Arriba. Acababan de enterarse pola prensa que a UGT, sen representatividade real no sector, firmara o convenio, contrariamente ao preconizado polas outras centrais. En días anteriores, outra concentración de obreiros diante da sede da patronal xa impedira do que esto se levase a cabo."

O convenio, foi roto na Delegación de Trabajo.

O mesmo fixeron coa copia que tiña a central socialista no seu poder.

Os días cinco e seis foron os primeiros da folga pero, contrariamente ao sostido por CTG e ING, sal gañadora, nunha asamblea celebrada en Goia, a postura d'e.CC.OO de facer unha folga intermitente. A xente traida de Pontevedra deulle a ganancia nesa votación.

A folga volveuse a remprender o dia doce, tendo visos, anque saía ganadora calquera das opcións espostas, de que vai para longo, podendose recrudecer astra límites insospeitados se o Delegado de Trabajo acepta o convenio como legal.

O xoves seis de marzo mais de tres mil obreiros da construcción concentraronse diante da sede da UGT de Vigo para protestar pola firma do convenio que esta central acababa de fazer coa patronal da construcción, esixindolles a copia de dito convenio. Ante a postura da central de que "aqui non temos copia ningunha", diversos obreiros decidiron entrar na sede e ollar se era verdade. Como a porta estaba cerrada a cal e canto non tiveron mais remedio que tirala, producindose momentos de gran tensión. Mientras os uestistas sostíñan que non tiñan culpa ningunha da firma do convenio, que quen o firmou foi a UGT de Galicia, escotaban berros de xente que pedia "unha pistola para darlle un escarmiento aos esquiroles", de "UGT traidores" e outros como "haber quen ten unha lata de gasolina para prenderelles lume dunha vez". Ao final a causa non pasou a maiores, fixeronse coa copia do convenio "que si que estaba ali" e racharon.

Antes xa, algun dos membros

da UGT que alegaba que o convenio si era bon, foi invitado, segundo nos informaron a sair a fiesta e esplicarles aos obreiros que era o que o facía opinar así.

EMPRESARIOS E UGT RESPONSABEIS

En Galicia o sector da construcción está en franca regresión. As empresas coas suas manobras de declararse en crise, para logo, ao despedir aos obreiros son metidos no paro, a empresa non desaparece realmente, so muda de nome, contratando a outros obreiros por un tempo limitado, collendo do Seguro de Desempleo co que a S.S. Iles desconta un vintecinco ou un cincuenta por cén segundo a edade. Realizan así outra contrata, repetindose a mesma operación pasado un tempo. Dase o caso de que empresas que están a cabeza de beneficios das compañías que operan no ámbito estatal, como é o caso de Dragados, sostéñen ducias de empresas "nodrizas" onde se especula con obreiros, moitos deles simbióticos.

Así a situación, ao escomenzar o ano encetabase a negociación do convenio da Construcción da Provincia de Pontevedra. O anterior rematara en nadal.

Había centrais como a ING que preconizaban facer un Convenio Nacional Galego da Construcción, pero CC.OO negouse en redondo, tendose que negociar so o da provincia de Pontevedra.

Anque ao escomenzar se sabían que as discrepancias ian ser moiitas, unha delas a taboa de rendementos, a chispa que encendeu o conflito foi que a patronal chegase a ultima reunión cun convenio preparado, que foi aceptado rapidamente pola UGT, so con lelo por encima. "co que todos deducimos que xa estiveran negociando antes coa patronal".


O comité negociador estaba composto por catro membros da CTG e de CC.OO, e un polas centrais ING, UGT, e USO, anque esta última nunca se presentase.

ULTIMATO DA PATRONAL ACEPTADO POLA UGT

Vista a postura da central socialista a patronal deu un ultimátum. "Mañán as doce o que queira firmalo que o firme, tanto nos da que o faga todos como que o faga unha central soa".

Ao dia seguinte, vintenova, cerca de catro mil persoas agrupábanse diante da sede da patronal impedindolle a Felis Mestre da UGT que subira firmar o convenio e invitandoo a discutir diante dos obreiros porque o consideraban que era válido, ao que se negou redondamente, xa que "nos temos os nosos afiliados e facemos as nosas asambleas". Dase o caso que a UGT na

(Pasa a páxina seguinte)



Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alejandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torró Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración:
Troia, 10-1º - Santiago
Redacción: Teléfono 582681.
Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viñegasa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promociones Culturales Gallegas S.A.


Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquin; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Anídion

Redactores e Colaboradores: Xoséfa L. Corral, Alfonso Eyré, Xoséfa L. Corral, Alfonso Eyré,

X. M. González, X. Ramón Pouso, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusi, M. Merce Marçal (Países Catalanes), P. Ipa-rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández



(Ven da páxina anterior)

provincia de Pontevedra non ten implantación real na construcción e que o delegado non lle correspondía, polo numero de afiliados con que conta.

A UGT TRAICIONA AOS TRABALLADORES

Dada a situación as restantes centrais deciden convocar unha folga para o cinco e seis de febreiro. Día en que se enteran pola prensa que a UGT xa firmou o convenio. Pola tarde máis de tres mil obreiros reunense en Coia e marchan despois dunha asamblea astra a delegación de traballo, onde se fan co convenio e o rachan, e logo, Jose Antonio arriba, baixo a choiva para ir parar diante dos locais ugetistas, onde se produciron os feitos que ao principio sinalamos.

CC.OO. VOLTASE ATRAS

Durante estes dous días de folga a tensión foi subindo. Piquetes recorren as obras invitando a sumarse a folga a todo obreiro que estea traballando. Chegase a tirar toda obra que estea feita recentemente. CC.OO ve que a folga se lle escapa das mans e decide que hai que por fin. Na asamblea de Coia votase a continuación ou paralización, saindo a última postura, preconizada pola central comunista que sostén que unha folga continuada queima a xente. A maioria dos votos eran da zona de Pontevedra, onde xa se votara a paralización da folga. Comisións conta nesta zoana con mayoría, polo que trouxo aos obreiros en cohe.

Tanto a CGT como a ING discrepan desta postura, decidendo que o que non quere Comisiones e meterse nunha espiral que non da controlado e que é moito pior con paros intermitentes. Acusan a CC.OO. de querer xogar a "niños buenos" e de querer aproveitar aos obreiros para os seus fins, como manifestaron na asamblea celebrada o venres dia sete en Pontevedra.

A central comunista nega tal feito, pero dáse o caso, que na dita asamblea un dos oradores de Comisiones propuxo a nova asamblea para o dia dez (xornada de loita de CC.OO.) "e despois iremos a plaza de Curros Enríquez (lugar da concentración) e ali decidiremos que imos facer más tarde.

O CONVENIO ILEGAL

Segundo as centrais sindicais, menos a UGT, que non quixo falar, como xa antes se negara a dialogar cos obreiros, o convenio e a todas lumes ilegal, xa que o dia da firma non estaba presente o presidente do comité negociador nin o segredario, requisitos imprescindíbeis.

O sábado reuníronse membros de dito comité, todos excepto UGT e USO que nunca apareceu, co Delegado de Traballo, comunicandolle que non aceptaban dito convenio, pedindolle que fixera cumplir a lei, facéndolle responsabel do que pudera pasar se non o facía así. Quedando de dar unha resposta o dia once.

Os días once e doce tamén volveron parar os obreiros segundo xa acordaran.

No Cine do Coruxo, parroquia do Municipio de Vigo, pola que está previsto pase a Autovía Vigo-Baiona, celebrouse o pasado sábado unha Asamblea a que tamen asistiron veciños de outras 5 parroquias (Saíns, San Miguel, San Andrés, San Paio de Navia e Coia) igualmente afectadas polo proxecto. O Salón estaba totalmente abarrotado por mais de un milleiro de personas. Invitada especialmente a totalidade da Corporación Municipal de Vigo, se presentaron 9 concelleas e un senador.

OS POR QUES DA OPOSICION

As primeiras intervencións foron as dos representantes das 6 parroquias afectadas que foron espoñendo as diferentes razões polas que o vecindario estaba totalmente en contra do proxecto. División irreversible das Parroquias, afectacións excesivas, alto custo social pola expropriación de centenares de casas, concentración do tráfico na xa saturada AVda. de Samil, e o total condicionamento futuro da expansión racional da poboada zona afectada. Insistindo en que todos esos factores negativos non siquer tiñan contrapartida dun melloramento real das comunicaciones da zona S.O. co centro da cidade, non tampouco potenciaba o transporte colectivo.

A continuación o representante do Bloque, Abelardo Alonso aproveitou a sua intervención recalando os motivos de oposición xa expostos polos veciños. Lembrou que o Bloque tiña tomado unha postura clara de rexeitamento total da Autovía mentres que as demais forzas políticas evitaban pronunciarse, facendo unha práctica política pro-Autovía.

Fixo referencia a que xa o 17 de Febreiro a AN-PG organizara unha Manifestación no Val Miñor con ese motivo e que a

A AUTOVIA NON PASARA



Ilustración: POMBO

alternativa que defendía era Transporte colectivo pola via do tranvía, arranxo carretera vella e a de Vincios e construcción dunha nova carretera, de acordo cos veciños, que podia ser polo monte onde se crearian solares para a construcción de vivendas sociais. A reseñar que foi o único representante das organizaciones políticas que deu unha alternativa.

O senador pola provincia, González Amadiós do PSOE, foi o seguinte en intervir e o segundo e último en pronunciarse en contra da Autovía. Ofreceuse para facer todas as xestions precisas para defender aos veciños, se

fixera falla, nas mais outas esferas de Madrid.

AMBIGUEDADE E A DEFENSIVA

As oito seguintes intervencións dos concelleas do PCG, UCD e UG e a do independiente Leri, foron consecutivamente repetitivas sen que ningun deles se definira con claridade, xustificando a sua ambigüedad por desconocer o tema. Esta falta de postura foi increpada en numerosas ocasións polo público unha decena de veciños insistiron, un tras outro, en que resultaba incríbel que depois

de máis de dous meses de estar o Anteproyecto no Axuntamento, e a punto de sair no BOE, chegara a ese día sen querer definirse publicamente. A decepción era enorme, a pesar do cal o público sempre mantivoo un comportamento correcto, chegando os momentos de máxima tensión cando a Asamblea autorizaba prorrogar os tempos de intervencións, establecidos previamente en 5 minutos, a aqueles veciños que con alusións personais clarísimas mais duramente denunciaban a pretendida ignorancia dos concelleais.

A sensación final foi de total decepción pola probísima imaxe dada polos concelleais que non se definiron, especialmente os Sres. Torea, Nuñez e García.

SI CHEGA VIR O ALCALDE...

Os organizadores pola sua banda, consideraban oa acto como unha importante victoria contra a Autovía xa que quedara constancia da total unidade dos veciños e de que os concelleais se estaban xogando o futuro político da zona próximamente realizando unha manifestación popular. Se cadría, unha información dun dos representantes das Parroquias a ANOSA TERRA sirva para rematar este resumen: "O que acabamos de ver é unha mostra increíbel de política desmovilizadora, antipopular e oportunista, si dicen que ainda non estudaron o proxecto ¿como e posibel que o dia 2 de febreiro o Alcalde Soto declarara nunha entrevista que temos grabada, que varios partidos e organizaciones empresariais acordaran, co Alcalde a cabeza, a INMEDIATA CONSTRUCCIÓN DA AUTOVÍA VIGO-BAIONA? ¿Este era o que nas eleccións se anunciaba nos carteis coa frase PSOE 100 anos de honradez?".

XAVIER B. MARTIÑO

mostra de outono

Abelenda
X.M. Acuña
Alexandro
Rafael Alonso
Abreu Bastos
Baltar
Blanco Casal
Elvira Blanco
Buciños
M. Bustos
Caballero
Camaño Xestido
M. Jesus P. Carballo
Victor Casas
Jorge Castillo
Jose Ramon
Castro Couso
Xose Cid
Colmeiro
Comesaña Cobelo
Ramón Conde
Victor Corral
Alfonso Costa
Felipe Criado
A. Datas
Diaz Fuentes
Deside R.
Diaz Pardo
Eiravella

Perfecto Estévez
Suso Fernandez
Elena Gago
Xurxo Fernandez
Alfonso Gallego
García Rivas
Armando Guerra
Amando Gonzalez
Gonzalez Pascual
Huete
Anselmo Lamela
Laxeiro
Lodeiro
Lugris Vadillo
Blas Loures
Mantecon
Ana Martinez Pasarin
Xaquín Marín
Xulio Maside
M. R. Moldes
Xusto Moreda
B. Moreiras
Monroy
Morquecho
Xoán Oliveira
Enrique Ortiz
Pacios
Antón Patiño

Reimundo Patiño
Xose Luis Penado
Aurichu Pereira
Pesqueira
Xoán Piñeiro
C. Pol
Prego
Antonio Quesada
Silverio Rivas
Rivas Briones
Manolo Ruibal
Miguel Saco
Felipe Senor
Anton Sobral
X. Sobreira
C. Sobreira
Alfonso Sucasas
Manuel Torres
Rafael Ubeda
Vidal Souto
Vilanova
Fiz Valcarcel
Xesus Vazquez
Xuxo Vazquez
Vazquez Dieguez
Benito M. Vazquez
Vidal Abascal
Yebra



EN
PONTEVEDRA
INSTITUTO
FEMENINO

TOMIÑO PROHIBIDO ENTRAR NO AXUNTAMENTO

No corazon do Baixo Miño, 12.000 habitantes, 15 parroquias, 34 millóns de presupuesto, cunha gran riqueza forestal e nas previsións do presupuesto do ano 79 acadaba os 16 millóns de pesetas, gobernada hoxe por unha candidatura independente viviu o veres, 29 de febreiro, uns feitos que causaron indignación e sorpresa en toda a zona: unha xuntanza convocada pola Candidatura Democrática Independente cos membros non electos da mesma viuse caseque imposibilitada pola presencia intimidatoria das forzas da Guardia Civil.

UNHA SORPRESIVA VISITA

Pablo Alonso Pérez "Pachi", 29 anos, axente comercial, é o alcalde que se tivo que enfrentar coa papeleta, era unha reunión corriente que vimos celebrando cada mes para discutir a problemática do municipio". Estando a punto de celebrala funn ao meu despacho a percura de dous papeis e vin pola ventana un gran movemento de xente, pero non lle din moita importancia aínda que me estranou. Recén saído do despacho atópome cunha parella de Guardias Civiles, un tenente, un brigada e un sargento. A muña sorpresa foi cando me dixeron que viñan para coñermee e para facerme unha visita".

Visita podería ser, pero non moi amistosa, xa que segundo nos segue a contar "Pachi" un mozo que estaba convocado a xuntanza era obligado a identificarse na porta do axuntamento por unha parella da Guardia Civil. Efectivamente, e segundo fomos informando, temor e desasosego fóreronse facendo donos da rua. Xa pola tarde, os verculos da GC percorreron insistentemente as ruas. "Dixerónme se podían pasar un momentiño e que me fan explicar o que pasaba. Comunicame que por orde do Gobernador e mandados polo xefe da Comandancia de Pontevedra tiñan que vixiar a plaza a causa dunha manifestación ilegal que ia haber en Tomiño —segue a contarnos "Pachi"— e eu contesteille que non tiña nada contra diso, pero si de que entraran no axuntamento sen a miña autorización e que non foran requeridos polo pleno permanente ou alcalde eles non tiñan nada que ir facer alí". Seguiulle decindo que se había a certeza de que se ía celebrar unha manifestación ilegal ou unha posibel alteración do orden público, ¿por que as forzas teñen que patrullar as ruas desde as catro da tarde sen o alcalde de Tomiño ter noticia tan xiquera disto? ¿por que o Gobernador Civil non chamou para avisalo?

... O ALCALDE A PREGUNTAR

Ao parecer, e segundo lle dixerón, a actuación das forzas en Tomiño debeuse a unha chama de teléfono denunciando a posibilidade de manifestación. Se isto é certo, ¿por que o Gobernador Civil non contactou co Alcalde, e lle deu máis creto a unha chamada telefónica co risco de se tratar dunha desagrada-

bel broma? Quería de todos xeitos en entredito a autoridade do alcalde, e mais, deixase quedar en entredito a sua representatividade.

"Naquel momento estaba moi cabreado e drxelle moitas cousas, non reproducibleis aquí, pero si lle trasmitin as miñas interrogantes. Si a democracia e so para os de direitas, que si nos estiveremos antes escondidos nas alcantarillas e nos pisaran a cabeza no axuntamento, porque entón xa non procedería, tendo que tomar outras medidas".

A conversa transcurriu por estes derroteros, Pachi, inquerindo os por qués destas cuestións e o capitán de Guardia Civil insistiendo de que se tratava —a sua entrada na Casa Consitorial— sinxelamente dunha visita. E Pachi insistindo, "unha visita cun Teniente, Brigada, un Sarxento, dous Guardias pedindo documentación na porta, e todos patrullando desde as catro da tarde astra as oito da noite polas ruas de Tomiño, vamo, que non lle creo."

Remata a conversa con unha pregunta que non sabemos como denominala, pero que si, se o obxecto dela era más corriente podía decírselle "típica". Preguntalle o Capitán ao Alcalde "Sr. Alcalde, por que los letreros que se insertan en la parte de abajo de las señales de tráfico van en gallego?"

E O GOBERNADOR A CALAR

O Alcalde solicita a retirada das forzas. Vanse, deixando nos ha-

bitantes de Tomiño, unha gran sensación de inseguridade. Preguntamoslle finalmente a Pachi, se se enterou da xenese do problema: lle foi dada algúna explicación dende o Goberno Civil.

"Contestoume o Gobernador que tiña que ir o luns as once da mañan, pero dixelle que non ía, e non por non querer, senón porque teñía que traballar, que pasó moitas horas polo Axuntamento e despois teñía que traballar nunha empresa polas tardes, chegando a casa as dez da noite todos os días", contestounos Pachi.

Agora, o Axuntamento resou a todas as corporacións da provincia cunhas cartas onde se pedía unha moción de censura aprobada polo pleno de Tomiño contra todas estas actuacións. Nembarcantes xa o axuntamento da Estrada lle comunicou que non levaba a moción ao pleno por non estar probada a certeza dos feitos que se denuncia. Naturalmente, no Axuntamento da Estrada ten maioría UCD. Entre este houbo máis atrancos que xurdiron decotío ten que pelear a Candidatura Democrática Independiente, que topa no seu dificultoso camiñar a axuda do concelleiro do BN-PG, ao tratar de facer popular un Axuntamento no seo do cal lembran tamén vellos tempos seis concellais de UCD e dous de CD, cos dores de cabeza que nalguns casos tamén producen; o UCD Antonio Alvarez Conde tiña construídas sen licencia municipal duas casas. Estase a encetar agora o espéndite de sanción.

NACIONAL

crónica política

Nesta ocasión, non queda mais remedio que començar de novo os esforzos sinuosos para abrir paso a unha dereita, presuntamente galeguista, que fan certos denominados intelectuais. Coa bandeira do apartidismo e erixindose, en apariencia, por enriba de tirios e troianos, presumen dunha independencia que non existe. Chegan ao pecado imperdoable de rubricar unha declaración pública eterea —que lembra moito a outra ocorrida nunhas datas presivas as eleccións xerais de 1979— co pretencioso nome de "Realidade galega".

Seguramente e unha operación destinada a cubrir de credibilidade a unha futura alternativa capaz de sustituir a actual UCD.

O pior e a maneira de presentar ao público semellante manobra, recobrindo-a de afan desinteresado, de apoliticismo, de intelectualismo trasnoitado. Na lista de persoeiros firmantes do enxendro hai moitos trepadores e cucos desencantados do pouco que medraron na situación "democrática e autonómica", algun que outro ousado salvador que esta por enriba do ben e do mal, certos cartos, e moi poquiños persoaxes honestos, pero cansos, vellos e instrumentalizados.

OS SALVADORES...

Da magoa ver a desonestade dos que, non querendo arriscarse a unha formalización política declarada por non ser seguro o trunfo e o éxito, pasan toda a vida en puras intrigas de salón, de costas a realidade, conflitos e problemas do país. Semellante actitude non les impide as cabriolas oportunistas para confundir e perjudicar, en intres claves, a Galicia que din servir por enriba de todo.

Síntese un pouco de vergüenza allea cando se ve, nunha lista de salvadores de Galicia, persoaxes tan xenuinamente representativos do antroido españolista como Camilo José Cela. E para rir se non fose espectáculo esperpentico do oportunismo. Apostamos que, na tramitación de toda esta antroidada, teñen que estar sabios doctores e metafísicos filosofos da saudade. Eles, mellor que nos, saberán a quem servir.

EUSKADI, AS ELECCIONES

As eleccións ao Parlamento Basco, contra todos os pronósticos propagandísticos ao alcance do sistema, resultaron grandemente robustecedoras do nacionalismo popular, representado por Ertzaintza. Rese a todos os esforzos do Goberno, e mesmo do sucursalismo de esquerdas, para potenciar o nacionalismo "non exaltado e progresista" de Euskadiko Esquerda, co obxectivo de barreñar a Ertzaintza, a manobra non deu os exitos agorados. O que, visto desde a óptica galega, é un motivo de satisfacción e de esperanza para o nacionalismo popular en Galicia.

Os descalabros progresivos da UCD e do PSOE indican os retrocesos dunhas formulas políticas que non serven aos intereses nacionais. Este fenómeno, xa timidamente encetado nas últimas eleccións xerais no noso país, urxira certos cambios de táctica do Poder, con miras a formalización e potenciación do dereitismo seudonacionalista. Este espacio xa estaba cuberto historicamente e de maneira autoxenerada polo PNV en Euskadi. Nesta nación irma está claro que acaba de abrirse un proceso de ampla repercusión para todo o Estado español. O entendimento UCD-PSOE non abonda para manter unha política de Estado. As perspectivas das nacións sen soberanía van determinar, desde agora, tacticamente tamén as formaciones do Goberno Español e os seus aliados internos en cada unha das.




Foto: POUZA

resumes

O PARTIDO GALEGUISTA PODE RECONSIDERAR A SUA POSTURA DIANTE DO ESTATUTO. - Así o fixeron saber aos medios informativos, dirixentes do P.G., manifestando que manterían o "non" nas actuais circunstancias, pero que reconsiderarían a sua postura se a UCD deixa garantias de que o Estatuto galego non sería discriminatorio.

CELSO MONTERO RESPONDE A GACÍNO. - Nunha carta aberta ao cronista político de "El Ideal Gallego", o Senador do PSOE por Ourense acusou ao periodista de terxiversar as suas declaracions. Marxinalmente contén unha interesante declaración que pode resumir a filosofía do PSOE, o Sr. Montero, referindose ao Estatuto dos 16 e a suapromesa de defendelo por enriba de todo, explica que defendeu o Estatuto dos 16 mentres foi un anteproyecto, non cando deixou de ser. Non sabemos se o Sr. Montero poráxe agora a defender o Plan Económico do Goberno, xa que o programa do PSOE é somente un anteproyecto.

A DIPUTACION DE LUGO APROBOU O EMBARGO DAS CUOTAS DA SEGURIDADE SOCIAL AGRARIA. - Ca oposición do Diputado Manuel Castañeira do BN-PG que se retirou no momento da votación, entre os aplausos do público que chamou "caciques" ao resto da Corporación.

O PC FAI PROPOSTAS AO POG E MAIS AO PSG. - En orde a conquetar no futuro unha unidade operativa e astra organizativa. Entre as propostas que se fan, destaca a renovación do pacto municipal, a creación dun sindicato agrario de carácter unitario (supónse que implícitamente vense a ofrecer unha fusión entre as SS.AA. e o SAGA), e a creación dunha revista marxista teórica.

O SR. RODRIGUEZ PARDO PODERIA RECIBIR UN VOTO DE CENSURA. - D. José Luis Rodríguez Pardo (antes Xosé Luis, ex-direxente do PSG e ex-escritor en vernáculo), diputado do PSOE pola Coruña e Secretario do PSOE galego -segundo eles PS de G- podería recibir un voto de censura da executiva do seu partido, dada a sua postura claudicante respecto ao voto "non" ao Estatuto, segundo se asegura, se o voto de censura prosperase, convocariase un Congreso extraordinario para proceder a elección novo secretario xeral. Asimismo tamén podería censurarse a actitude do Senador ourensán, D. Celso Montero, polas mesmas causas que o Sr. Rodríguez Pardo. E e que algúns esquecen axiña os seus orixens.

LALIN URBANIZACION ILEGAL

Durante a época franquista a especulación brilou por todas partes. Moitos aproveitaron o rexurdimento descompasado da economía. Un dos eidos onde a especulación foi más forte foi no chan, os terreos de labradio e monte foron utilizados como solares. Os trazados das ruas respondian a uns intereses moi concretos. Construccions feitas anarquicamente.... Se as cidades galegas se viron afectadas, tampouco as vilas escaparon a esta plaga. As vilas con crecimiento ficticio das construccions, baseado nos cartos dos emigrantes foron as que con más notoriedade o sentiron.

Lalín foi e é, unha destas vilas con construccions ilegais a feixes. Construtores que lle deben mores de diñeiro —algún dia esperamos saber canto— ao Axuntamento. Pa ra rematar, toda unha urbanización entera que se fai ilegalmente, sen permiso. Ciudad Jardín.

O seu promotor foi Natalio Taboada Portas, "O Campanario", concelleiro de CD, e de profesión, segundo a xente, non calificabel.

Adicouse a facer nuns terreos, tres ruas, todas tortas para aproveitar o terreo. O chan vendeuno en parcelas nas que se construiron casas.

Anque o vendeu como chan urbanizabel non tiña este calificativo, pois non contaba, tampouco con alcantarillado, nen conta hoxe, indo parar todas as aguas fecais a uns prados que hai a carón das casas, sendo o seu promotor o ponente de Sanidade. Tampouco conta esta "urbanización" con alumado público, nem con recollida de basuras.

Os veciños levan denunciado isto repetidas veces, pero como se nada poisa a corporación non tomou ainda ningunha resolución.

UNS AGACHAN, OUTROS DIN QUE NON QUER PAGAR.

O Sr. Natalio cada vez que se trata o tema escapase. Hai tamen "máis lingoas" que din que bastantes membros da corporación, anque falan da sua ilegalidade, por atras están apoiando esta especulación.

En que estan esperando o plan de ordenación urbán para ver o que pasa, pero hai que afirmar que o problema é de cartos. Que se "O Campanario" pagara unha certa cantidade de diñeiro, o problema xa estaría resolto, o que pasa e que non o quere pagar.

Segundo o Sr. Natalio, todo o mundo especula e el tamen o fai. En certa maneira ten toda a razón, xa que algunha das parcelas que el vendeu, foron a vez, divididas e vendidas por outros subespeculadores.

Os veciños piden que se clarifique dunha vez a situación, e que se esixan responsabilidades a quien haxa que esixilas. Segundo nos comunicaron, agora, ainda para máis inni, seica quere edificar un pequeno xardín que deixou como fachada para vender mellor as terras, ao que non estan dispostos consentir os veciños.

Pero o Sr. Taboada seica non acepta as críticas de moi boa gaña, xa que segundo lle declaraba a "El Correo Gallego". "marcheime porque me coñezo e non queria pagarlle coñ unha selga na cabeza...."

FORMACION PROFESIONAL O ACIENTIFISMO DO ENSINO

Mentres o goberno fala de apoiar ao ensino privado como un dereito democrático, os estudiantes de centros estatais como o de Formacion Profesional, encadrado en Vigo, pasan por unha situación de total desamparo académico. Falan da inflación existente na Universidade e da necesidade de estimular os estudos medios, pero permiten que os 1.026 alumnos matriculados neste centro de F.P. non teñan nen os materiais mais imprescindíbeis para as suas prácticas, anque constitúan un factor fundamental de estudio. Por iso, días pasados as ruas de Vigo sentiron a sua presencia reivindicativa, e ninguén pode falar de "oscuras intencions subversivas" ou algun outro recurso cos que se adoita o despectivo de calquera tipo de manifestación.

Os alumnos do centro de Meixoeiro tiñan razons obxectivamente indiscutíbeis. Pagada a matrícula, escomenzadas as clases con tres meses de retraso, levan outros tres agardando que lles chegue algún material para poder facer as prácticas das seis especialidades que ali se cursan. electrónica, mecánica, electricidade do automóvil, sanitaria, peluquería, administrativa e secretaria. De todas elas somente as duas últimas disponen dun pouco de material. Os alumnos das outras están "a velas vir". En mecánica non hai más que dous ou tres comprobadores de motores, pero inúteis para o nivel que se cursa. Os de clínica sanitaria teñen a sua disposición unha incubadora que non lles serve más que para incubar a sua impotencia, e material tan fundamental como xeringas e vendas debe chegar polas vias persoais dos propios alumnos. En peluquería non xiquera hai rulos, e os de electrónica do automóvil teñen que usar o veículo do profesor como banco de probas....

Non hai no centro limpiadoras o Ministerio di que non ten cartos para isto e son os mesmos alumnos os que teñen que asumir esta responsabilidade, feito que, ainda máis, figura como norma nos curiosos estatutos do centro. Non hai comedores ou non funcionan, e os alumnos que teñen que xantar ali, por lonxanía das suas casas, teñen que recurrir ao pouco gratificante bocadillo.

E a isto chamanlle os representantes ministeriais facer unha política educativa non discriminatoria.

Resta ainda unha dirección personalista, omnimoda no seu poder, rixidamente paternalista e xerarquica, na liña mais respetuosa da tradición, que enxencrou uns estatutos dignos de figurar nun museo de antigüedades, sen a mais leve participación de alumnos e profesores. Con razons como estas, que non son más que un dibuxo insuficiente e apresurado do que ali pasa, non se cai de novo que os alumnos, a pesares das ameazas de expediente pola dirección, ocupen as ruas e mantéñan unha folga desde hai uns días.

FERNANDO FRANCO

carta entreaberta

"Todo che vai en adianto..."

Querida Directora:

As cencias seica van prante dunha maneira tremenda. Como dicía o meu vello amigoo señor Ramón de Xan Branco, "todo che vai en adianto, e débeche de adiantare, pra que no mes de xaneiro o cuco veña curare". Ti non sie se conociche o señor Ramón, que é un poeta popular, ou como din os entendidos, un "fistor" dalo da Terra Chá, da escola de Manuel de Paderne, do Americo do Armacén e doutros que ancaban enchenndo o aire de versos. O señor Ramón de Xan Branco, que agora debe estar retirado, foi grande fogueteiro e manciñeiro de sona, e deulle pola poesía os setenta anos feitos. Agora debe andar polos noventa, e pola miña información, ainda está rexo e forte, anque medio xordo.

Mais todo este introito sobre a cencia viña a que hai uns días a caixa imbecil deunos a abraiente noticia de que van poñer un talgo desde Madrid a Galicia. Case se desmaia o locutor coa noticia e falarnos da segunda parte; agora non van facer falla máis ca sete horas pra facer a viaxe. O locutor desmaibase coa alegría, mais eu agarrei unha colera de moito sandiós. Moito más satisfeito quedara eu se a partires dagora dixeran que de Madrid a Galicia se ia tardar en chegar sete mil días ou algo así.



Porque ti bota contas, con esta presa nas comunicacions, cheganse unhas eleccións e aquí tés, cagando cestellas, a toda a plana maior do goberno e das suas diversas alternativas. O señor Suárez e o inominable fillo de Vigo, de corpo presente nos escenarios da nosa nación. E por suposto, a pandilla de Sevilla afincada en Madrid - Felipe e compañeo non deixaran de virles botar unha man os seus muchachos de por acío, que ainda a estas alturas non se sabe se van votar si, non ou quen sabe. E por suposto, todos os demás. Velar as consecuencias do progreso: cada campaña electoral na nosa Terra, xa polos nosos produtos indíxenas moi antróidera, convírtense nun antróido internacional. Eu realmente pensaba que co "autocoto" xa chegaba, pero non e así o ben visto, e poñen un

Talgo pra acabaren de amañalo.

Chegar chegaba pro cupo deste ano coas barbaridades que se escotan por estes eidos sen traguer música de fóra. Pero estes políticos sucursalistas amartanlle abondo os ramistas paloios que tran pra festa da aldea unha orquesta de canto mais lonxe mellor, que en sendo de lonxe coidan que será boa.

E non hai tal, pois pra máscaras e pallasos, nada mellor ca unha colonia europea. E senón que llelo pergunten os eternos firmantes de maniestos pra salvar esto ou aquello, sempre por enriba dos partidos, que nestes anos moi teñen inzado. E eche boa verdade, en canto a un se lle ocorre calquera parida, sempre encontra vinte ou trinta pra rúbrala.

Despois estes señores o millor escarallanse de risa vendo como o Mugabe e os seus se poñen a bailar no medio dun mitin multitudinario. Non se dan conta de que se pode facer o pallaso moi seriamente, e a revolución moi alegremente. Porque o compaño Mugabe e todos os nosos compañeiros de Zimbabwe, cos seus bailes rituais e co seu ritmo guerreiro, están a ampliar o dominio do home no mundo.

DARIO XOHAN CABANA



Tu fuches un dos fundadores do grupo EKIN, ¿por que xurdio?

Xurdio polo achegamento dun grupo de estudiantes de Bilbao e Deusto. No 1950 estiven na cadea, militaba en EIA (Eusko Ikasle Alkartasuna). A saída da cadea nós nos plantexamos a necesidade dunha organización que non dependera do PNV, porque nos parecia un partido moi dereitista e clerical. O grupo, por razons de seguridade, non tiña nome. EKIN era o nome da publicación da organización, pero o PNV, que estaba empeñado en saber que pasaba con aquel grupo clandestino, empezaron a chamarnos os do grupo EKIN, logo os de EKIN, e dispois EKIN. Nos seguimos sen nome deica o ano 59, en que se creou ETA-militar. Entón, decíuse convocar unha asamblea nacional. Nembarquen, nese mesmo ano cairon os fundadores de ETA, e ao ano seguinte caímos outros, entre eles eu. Dous anos mais tarde tentouse de voltar a facer a asamblea, pero polos acontecimentos do descarrilamento do tren, que traía a combatentes, produciuse a caída e o exilio de case todos os membros da organización. E, xa que logo, a asamblea fundamental de ETA data do ano 62, onde se definiu como Movimento Revolucionario de Liberacion Nacional.

¿Como se concibiu ETA, por aqueles tempos, e cal foi a evolución que sufriu?

Desde o ano 62, ETA definiuse como radical no aspecto nacional. Deica o 67, eu xa estaba fora, houbo unha serie de plantexamentos que foron rexitados nas catro asambleas constituyentes. E a loita armada non se produciu deica o ano 68. No plano ideológico, a definición do movemento como socialista produciuse na quinta asamblea, que tivo lugar en duas fases, unha, no 66 e outra no 67. Na primeira fase produciuse a expulsión e escisión do que hoxendia e o MK. De feito, o secretario do MK, Eugenio del Rio, foi un dos homes clave de ETA. Dispois, no ano 67, o plantexamento que nós fixemos de crear dous frentes, un marxista-leninista, e outro autoxestionario, foi rexitado. Cando no ano 70 ETA se definiu como marxista-leninista e tercero mundo, pareceu uns absurdos na medida en que para nos non se dabari

condiciones axeitadas no País Vasco. Nos coidabamos que era necesario que a caída de Franco existira un frentre táctico para conseguir un marco autonómico. Era este famoso frentre abertzale do que se está a falar agora, pero por aquél entón non se creou por culpa do PNV, que seguiu empeñado en pactar co PSOE e ignorar a esquerda abertzale... Os dous intentos de frentre abertzale, o primeiro encabezado por Monzon e por min, e o segundo so por Monzon, fracasaron pola negativa do PNV. Se eu abandonei ETA foi por razons de clarificación, en ningún momento estiven contra de ETA e hoxe tampouco...

¿Cal foi o proceso que seguiron as ikastolas?

As ikastolas xurdiron xa antes da guerra, nos anos 18-19, en Bilbao. Por entón era un movemento minoritario, de tanto. E claro, cando chegou Franco, isto acabouse. No 48-49, na más completa clandestinidad, en pisos en Donostia, e con xente do PNV, organizaron as primeiras ikastolas. No ano 52, foron propulsadas por EKIN, con xente do PNV, por unha banda, e, doutra, con militantes de ETA. Empezaron a medrar e agora hai uns dous mil ensinantes, cun total de sesenta a setenta mil nenos. Veuse a convertir nun movemento de msas.

¿Como se desenvolve a loita lingüística en Euskadi?

O plantexamento que facía o PNV antes e dispois da guerra, era moi xurídico, e decir amparabanse nun marco legal, pero non lle daba moita importancia ao problema da identidade nacional, que para nos era fundamental, e que considerabamos centrado no problema lingüístico. O PNV adicaba a artellar festas e a tocar o txistu, pero o problema lingüístico non o consideraba cosa d'abondo serio. Estando eu en Paris, un dia presentaronse duas rapazas e dixeronme se lles podería dar clases de euskera. Cando lles preguntei quen eran contestaronme que eran as fillas de Leizaola. Con isto quería decir que o presidente do Goberno Vasco non falaba o noso idioma na súa casa. Isto parecía demencial, e el o sabe. Se Letamendia non sabe basco... non o entendo, pero o poido entender, pero Leizaola... O nacionalismo basco se e para tocar o txistu non me interesa...

¿Hai un proceso de reincorporación da xente urbana ao idioma?

O proceso de reintegración ou recuperación lingüística é un problema de xeracións que non se pode solucionar en cinco anos, senón a longo plazo. Deste xeito, o primeiro que hai que solucionar é o problema da disglosia, entendendo por disglosia a disfuncionalidade da lingua basca, porque non ten ningunha función social xa que esta ao marxeñ da vida social, da vida económica, política, cultural... Unha lingua que esta ao marxeñ da vida real e unha lingua folclórica.... Entón, facer chamarmento ao corazón, a sensibilidade e ao patriotismo para que se fale basco e ridículo. O que hai que facer é darlle unha realidade como funcionalidade socioloxica a todos os niveis. Neste senso, a situación é dabondo lamentabel. O primeiro pilar é a escola, porque non se pode pretender que unha persoa aos 50 anos empece a estudar a lingua. Neste intre, topámonos con que a reivindicación dunha escola basca somente e defendida por unha esquerda abertzale. Tanto o PSOE como a UCD e todos os partidos estatalistas están en contra porque din que o sagrado dereito dos pais e ensinar a lingua que queren... pero en realidade o que tentan é de que non se impoña a escola obligatoria. Hai unha marxinación continua da lingua basca e para rematar con ela a única saída é que a xente coñeza as dúas linguas. Eu non creo no bilingüismo. Pero nos, como táctica, como un primeiro paso, somos partidarios dun bilingüismo porque nestes momentos vivimos nun monolingüismo total. Agora ben, ¿creer nun país bilingüe estable? non, que va...

¿Cal e o papel que está a cumplir a Euskaltzaindia?

A Academia da Lengua Basca é unha organización técnica que ten como misión dar normas. Tió unha fase fundacional, dirixida por Ascue, que non era abertzale, fase moi científica e moi importante. Coido que a Academia non saliu da fase folclórica astra hai moi pouco tempo. Hoxendía, os cargos directivos son do PNV, e esta a coller unha cor moi legalista. Se a legalidade fora boa eu non tería medo, pero para mim non é boa. Preguntome astra que punto a Academia non se vai convertir nun freno...

Jose I Alvarez Emperanza, "Txillardegi", 50 anos, ingeniero de profesión, un dos fundadores de ETA. Estudiou Lingüística na Sorbona de París, cando por razones políticas tuvo que exiliarse. Candidato por IB por Gipuzkoa, desenvolvió su actividad cultural, como lingüista, na Universidad de Donostia.

TXILLARDEGI

a importancia da identidade nacional

¿A acción cultural basca en Navarra topase con problemas cos que non se topou nas outras provincias?

Hai dous problemas: un, obxectivo de identidade e outro, subxectivo de conciencia. En Navarra, desgraciadamente, o movemento basco ainda non é maioritario, o cal non quere decir que non sea importante, se temos en conta que en Navarra hai moitos pobos pequenos que estivéron dominados por unha burguesía e polos carlistas, xente de dereitas. Ao empezar o proceso de industrialización, non somentes en Pamplona senón en Tafalla, Tudela..., comenza asimesmo un proceso de concienciación. De todos xeitos, non hai moita diferencia entre Navarra e Bizkaia. A zona mais bascofona e Gipuzkoa.

En Galicia a represión do idioma a leva a cabo a UCD a través do APA, en Euskadi sucede todo o contrario....

Hai unha esquerda abertzale recente que subiu con ETA. E isto equivale a decir que os pais de moitos alumnos ainda son do PNV. En Navarra, o PNV ainda non ten forza, o movemento abertzale está entrando con HB e EE. Entón e moi posibel que os pais estean a favor dos ensinantes, pero, pola contra, en sitios onde domina o PNV hai uns conflitos graves e os pais sacan aos seus fillos das ikastolas porque as mulleres son ateas e esas cousas.

¿Como ves tu a situación política en Euskadi?

Coido que agora a contradicción nacional é dunha gran froxa. Se se ten en conta que en Bizkaia e en Gipuzkoa hai un 30 por cento de inmigrantes que non teñen porque sentir o problema nacional basco, e dabondo significativo que as forzas estatalistas somente conseguiran 18 diputados de 60. Indica que un alto porcentaxe de inmigrantes estanse a integrar e que votan abertzale por un dos tres bloques, que para mim son todos abertzales porque non son delegaciones de Madrid como o PSOE... A abstención que se deu non é apolítica. Unha pequena parte pode ser pasotismo, nembarquen, a gran maioria das persoas que se abstinen e porque están asqueadas da política institucional. Coido que moita xente non votou porque está a favor de ETA, e que nen xiquera crei na via institucional

de HB. Nembarquen, ¿que vai facer o PNV?, a capa dirixente é unha capa tecnocrática de tipo giscardiano que non se diferencia moito de UCD. Nos coidamos que ao PNV se lle vai ver a orella cada vez mais, no senso de que se vai ir desenmarcando da loita nacional. O PNV, en definitiva, vai representar ao Estado. Por outra banda, se comparas a baixada da UCD coa subida do PNV da impresión de que houbo xente de UCD que se pasou ao PNV, porque teñen garantía de ordén, no mal sentido da palabra, de que non vai haber ruptura... Eu non creo que a UCD cambiaria. O que cambiou foi o PNV. Viuse que houbo un intento deliberado de captar a xente de dereitas.

¿Que pensas da loita antiimperialista no mundo e do papel do nacionalismo popular no Estado Español?

Corlo que la loita pola identidade é moi importante e que, neste senso, Marx errou, xa que menosprecia o problema nacional. A loita pola identidade nacional en Galicia, ou moi me equivoco, ou ira para adiante. Este mundo inodoro e insipido que nos trouxo a civilización moderna despersonalizou a persoa, que, pola contra, necesita de comunidades humanas. Unha comunidade como a de EE.UU non é real, senón que é abstracta...

Os partidos comunistas, astra de agora, menosprecian o problema nacional. Cando Carrillo berra "Gora Euskadi Askatuta" e o mesmo que si berra "viva España". En Euskadi o españolismo é unha carta de descredito. Eu non vexo a esquerda española por ningún lado... Un analogo ao Bloque, ¿onde está?, é un analogo a ETA, onde está?....

XOSEFINA L. CORRAL



resumes

PRESENTACION DE "REALIDADE GALEGA". Cun aval de 67 irmandades, o grupo de opinión "Realidade Galega" fixo a sua presentación pública o pasado xoves, dia 6. García-Sabell, membro do comité executivo provisional, salientou a necesidade dunha autonomía para o desenvolvemento das posibilidades de Galicia. Neste sentido, a súa laboura sera a de informar, ao marchen de toda ideoloxía, da realidade galega de cara a "contribuir ao despertar dunha conciencia viva de cidadanía galega"....

INTEGRACION DE CEPYME NA CEOE. Nun momento en que a CEPYME atravesa unha grave situación económica, vense de firmar o acordo coa gran patronal, CEOE. A pesares disto, González Estefanís, presidente da Confederación da Pequena e Media Empresa, tenta de amosar a independencia dunha respecto da outra e o trunfo que para CEPYME supon a integración na CEOE.

O 22 DE MARZAL, DIA DA PRIMAVERA. O profesor Fernando Alonso Romero xunto con Arturo Román teñen previsto celebrar, o próximo dia 22 de marzo, a conmemoración da Primavera, no monte do Pindo, que segundo os mesmos profesores e outros escritores foto. Olimpo Celta da nosa terra.

PRECIO DO LEITE-CEE. Na primeira conferencia do ciclo sobre o agro galego e o Mercado Común, Díez Patiño salientou que a integración na CEE vai traer consigo unha disminución no prezo do leite, así como unha rentabilidade agraria decrecente.

CONVENIOS EN LUGO. Despois de a Patronal e a UGT teren declarado vixias veces ir ratificar o acordo-marco, ao final o sector da Ebanistería de Lugo tén o seu convenio, firmado por ING, USO, SU e máis UGT, no que se supera amplamente aquel pacto no aspecto salarial, de duración e outros. Doutra banda, o convenio provincial do sector de Aglomerados pode que rexistre unha das subas salariais más altas do Estado, ao firmaren ING, CC.OO e máis SU por un 19,81 por cen, que no caos dos peóns se convierte nun 20,40 por cen.



10 DE MARZAL

O dia dez de marzo de 1972, morrían no Ponte das Pías do Ferrol, Amador Rey e Daniel Niebla, cando a policía disparou contra dunha manifestación de obreiros.

No seu octavo cabodano, unha vez mais, CC.OO e o PCG, convocaron unha serie de actos, este ano baixo o lema de "Día da Clase Obrera Galega".

Había manifestaciones previstas en diferentes ciudades, pero non en todas se secundou o chamamento.

Na Coruña manifestaronse máis de trescentas persoas, en Pontevedra non chegaron a cien, en Santiago foron cerca de trescentas as que sairon a rua. A maior participación deuse no Ferrol onde asistiron unhas catro mil persoas. Na cidade de Lugo non houbo nada especial, agasalgúnhas pintadas de Comisiones e panfletos da ING.

Esta xornada foi apoiada por nais de polo PCG, polo MCG, POG, PST e LCR, e algúns sindicatos tamén pola CNT e Convención Republicana.




Foto: KSADO

As pancartas facían referencia ao cabodano, a crise, a unidade dos traballadores e a problemas locais.

As dades tamén pola CNT e Convención Republicana.

ARZUA: O MINISTERIO INCUMPLE

O edificio do Instituto de Arzúa habilitouse, vai para oito anos, nas dependencias da antiga cárcel de Arzúa. Os veciños da localidade e comarca saben ben de certo os moitos acontecimentos e atracos cos que se toparon astra facer posibel a creación do Instituto. As obras, que ainda non están rematadas de todo, levounas a cabo a mesma axuntamento, que, doutra banda, tamén se tería de encargar de levar adiante un fato de xestions para que o Instituto fora unha realidade.

Hoxendía, os 140 alumnos da comarca que van ao Instituto teñen que pagar cada uno 1.500 pesetas ao mes. Por outra banda, dos once mestres que polo de agora dan as suas clases na Arzúa, sete deles tivoos de contratar o mesmo axuntamento, xa que o Ministerio non mandou máis que a dous deles, ampliando este ano a catro o numero de mestres. E xaora, e o propio Axuntamento quen ten que correr os gastos e salarios dos mestres...

OS LABREGOS CONTRA O GOBIERNO E O MERCADO COMUN

O dia 9, as Comisiones Labregas levaron adiante as mobilizaciones que estaban previstas baixo o lema "Contra a política agraria do Gobierno". Ao pe dos 400 labregos en Santiago, sobre 1.500 en Ourense e uns 2.000 en Lugo vocearon consignas rexeitando os proxectos de lei que o Gobierno español ten anunciados ("Lei de Montes", "Estatuto do Leite") así como a persistencia de impostos irracionalis ("Fora a Cuota Empresarial") ou a caída do prezo da carne ("A carne nada vale, o Gobierno e o culpable!"), e a entrega do noso país aos monopolios europeos ("Non, non, non ao Mercado Común"). Sonaron tamén berros antiautonomistas ("A autonomía é un engaño, os labregos galegos non a apoiamos") e patrióticos ("Galicia ceibe, poder popular"). E en cada

sítio, a alusión aos problemas concretos (viño e carne en Ourense, carne e Cuota Empresarial), da que a Diputación viña de aprobar o premio para o cobro dos recibos pendentes, en Lugo).

Ao final de cada manifestación, na Praza do Toural de Santiago, Praza Maior luguesa e Alameda de Ourense, falaron membros dos Secretariados de Zona e Nacional das CC.LL. sobre o que supon a Política Agraria actual do Gobierno español e as alternativas do sindicato frente a situación. Membros da Dirección Nacional da AN-PG, no nome das duas organizaciones do Bloque, transmitirian o seu apoio e encargarían os proxectos gubernamentais dentro do novo Plan de Acción dos monopolios verbo do noso país, pedindo "unha actitude de esforzo patriótico no rexeitamento do tinglado autonómico".

Foto: CARBALLA



O canto do Himno Galego e vivas

as Comisiones Labregas darian cabida as mobilizaciones.



Foto: BRAIS

POR UNHA XEOGRAFIA GALEGA

E a Xeografía, ciencia ou disciplina científica que ten de estudiar problemas relacionados coa organización espacial e a relación colectividade social e transformación do medio, ven sofrir a mesma crise que todas as ciencias sociais, ou sea ver de conxugar o aspecto inductivo descriptivo coas explicacións sociais desde un aspecto prospectivo. Deixa pouco a xeografía non era mais que a disciplina ideográfica que describia o que observaba, pero que non se astrevia a deducir unhas leis xerais de comportamento espacial.

Pois ben, actualmente a xeografía quer concebir, polo menos desde certas comunidades de xeógrafos, o espacio como produto da organización social e mesmamente o espacio como valor estratéxico cara a unha ordenación do territorio.

E por outra banda, temos que Galicia consecuencia da inserción nun sistema agrario moderno, ou sea agroindustrial, ven de sofrir desequilíbrios socio-espaciais fruto da reproducción a diferentes escadas dos desequilíbrios inherentes ao actual modo de producción dominante. Velaquí a distinta dinámica demográfica, industrial, infraestrutural, da Galicia costeira frente a Galicia do interior, velaquí o proceso de racionalización e capitalización dependente do eido industrial do noso agro (p. e. o estatuto do leite), velaquí os accesos de Galicia (norte a Sur, namentres seguen as dificultades na zona centro de Galicia), a autopista do Atlántico que ven consagrar o desequilibrio macroespacial do noso País.

E nesta coxuntura de cambio, transformación e crise, surde XEGA (Xeógrafos Galegos) como unha inquietud e alternativa xeográfica para o estudio da realidade cambiante do noso País, baixo a óptica dunha metodoloxía que quer conxugar o aspecto crítico, deductivo, cualitativo e xeralizador con exemplos concretos, cuantificábeis que nos permitan verificar unhas mínimas hipóteses de traballo suxeitas ao mesmo proceso de coñecemento e de verdade social, tal como adoitou explicar o Adam Schaff (2).

As hipóteses de parida non ven ser outras que a mesma realidade cambiante, reflexo por tanto da observación subjetiva do investigador social, que ten de dar o paso dunha vivencia personal a unha imaxe do coñecido, tal como explica Cilles Gaston Granger (3) no proceso de coñecemento científico nas ciencias sociais. Observación que alguém pode tacar de política, pero non esquezamos que a cidadade política, QUE NON E O MESMO QUE PARTIDISTA, vai inserida na dinámica social e que aquel que refuga dunha valoración política no eido das Ciencias sociais está amosando –tal como recorda Piaget– unha clara POSICION PARTIDISTA que vai deformar a súa propia visión da realidade.

Unha vez prantexados os puntos previos metodolóxicos do noso labor, quixéramos aproveitar as follas que nos concede A NOSA TERRA, para avanzar as técnicas que nos van permitir o coñecemento do proceso urbán en Galicia, ou o que é o mesmo o proceso de difusión cultural e socio-económico

As cousas están a cambiar. Galicia está a cambiar. A xeografía está a nunha crise epistemoloxica e mesmamente está a cambiar.

O cambio de Galicia ven dado pola inserción da nosa comunidade no eido capitalista e urban da Europa Occidental (velai a probabel e proxima introdución no carro do Mercado Común Europeo). Inserción que leva parellada a todas as eivas vencelladas a unha formación social periferica dependente das decisions socio-económicas do Centro do Poder político-social na Europa Oriental, área intimamente relacionada con outros núcleos rectores do Sistema urbán mundial, tal como avanza explica-lo Luis Racionero (1).

mico da organización social que se basa na división do traballo, na concentración da man de obra, no nacemento dos movementos pendulares en gran magniturde, na espacialidade diferencial, (frutto da división económico social do espazo).

As técnicas vanse centrar na utilización dos medios cuantitativos, desde os métodos de Reilly ás tradicionais técnicas de cuantificación de concentración, como unha ferramenta de traballo que consideramos o máis obxectiva posibel. Así trataremos de medir o grau de urbanización, ou sea de introdución no proceso urbán das diferentes bisbarras de Galicia en base a:

- a) distribución sectorial da poboación activa
- b) morfoloxía e tipoloxía do habitat
- c) mentalidade e grau de preferencia urbán na xente
- d) A accesibilidade de traballo, lugares de ocio, comercio,
- e) o proceso de modernización das actividades primarias produtivas.

Traballo de cuantificación que leva implícito un traballo previo de escalar os Padróns de habitantes, facer diferentes encuestas (para o cal temos un modelo establecido) para coñecermos o grau de mentalidade urbán, un estudo dos plans municipais e parroquiais (escala 1/10.000) e a observación da vivienda e das infraestruturas hixiénico-sanitarias, as vías de comunicación e a atracción laboral, comercial, cultural, etc., dos diferentes lugares rectores, o estudo da mecanización, motorización, etc., do noso agro e pesca.

Todo este labor está nos alicerces, esta case todo por facer. Pero esperamos ao longo de sucesivos artigos presentar os diferentes traballos de campo que se están a facer por membros do equipo. Traballos de campo e de aulas, pois a percepción do espazo, e a mesma deformación consecuencia dos medios de comunicación, por parte dos nosos rapaces está a ser estudiada desde as mesmas perspectivas e coa mesma pretendida científicidade.

Castelao dixera que cando se está a facer unha obra hai sitio para todos aqueles que se consideren artistas. Nós logo de dous anos de ir formando o grupo (o grupo nace a raíz das xuntanzas a nivel estatal de estudiantes e novos xeógrafos que se celebraron hai dous anos en Barcelona, o ano pasado en Salamanca e este vaise celebrar en Granada) pensamos que a obra tamén está por facer e invitamos aos que se sintan xeógrafos galegos a que colaboren coa nosa teima.

Xosé Manuel Souto González
XEÓGRAFOS GALEGOS

- (1) Luis Racionero: "Sistema de ciudades y ordenación del Territorio"
- (2) Adam Schaff "Historia y verdad" Edt. Grijalbo
- (3) "La explicación en las ciencias" dirigida por J. Piaget.

don augusto

Por XAQUIN MARIN



Cando sobre a mar de Fisterra o sol se pon a arder xa foron entrando,
nun muelle cativeiro de mais, as cento
e pico embarcacións que trannos o pobo, as necoras ou o abadexo.
Embarcacións de cinco homes, dunha ducia de homes, que lle chaman "estranxeiros"
as bacás de Muros ou aos que suben dende as rias baixas tirarles do pan.
Na sua sicoloxía resta un aquel de illamento e ir observando
os feitos pousonamente menos no que lle toca ao mar.
As cousas están ben claras, ao mar tenselle lei e a gravedade do sector pesqueiro
a esfarelarse fai que se reclame o deber institucional de
acometer de urgencia certas medidas.
A gravedade e tal, que sería un luxo deixar pasar o que se vai facer desde
unha sociedade que tanta xinea tivo nos seus inicios, como son
as de patróns—armadores e mariñeiro, os Positos.

Como en outras cofradías do noso país de Fisterra ianxe celebrar eleccións para un cabido que moitos coidaban habería de se renovar e coller outros rumos. Coller outros rumos porque se nalgúso sobranceaba o Posito do porto pesqueiro de Fisterra era na

sua inactividade crónica e no desinterés e falla de participación dos mariñeiro e patróns asociados. Tampouco agora as cousas cambiarían moi.

E é que as eleccións ao Posito non ian fuxir aos intereses do partido gubernamental e dou-

tras forzas da dereita española na vila, e se antes hobera un alcalde con influencia popular, por mor da sua profesión como medico na vila, que lle preparara o caldo electoral á UCD para conseguir alcalde e mayoría municipal esta formación decidiu tamén ter nas suas mans a Cofradía.

DE 500 VOTAN 80, "TODO ESTABA TRAMADO"

As eleccións, que foi demorando dende outono do 78, arrallaronse para os primeiros días deste ano 1980. Pero compráis antes, claro, redactar novos estatutos, aprobalos e enviarlos ao Ministerio de Transportes e Comunicacións e xa daquela houbo un proceso raro e contestación a certos apartados dos mesmos. Por iso entre unha boa chea de cofrades espalhouse a creencia de que "todo estaba tramado" ou como mesmo diría un membro do cabido actual "mangoneado polo alcalde".


Despois, cando se convoca un simill de comicios de cara a elecir 50 membros para o Pleno, que van ser os que teñan capacidade de voto para elecir, de entre eles mesmo, ao Cabido e Patron Maior, tense que andar polas casas pedindolle a armadores e mariñeiro que se presenten, mesmo chegari a candidatar a algun sen que o interesado o saiba ou a outros despois de se negar. Así, nun Posito con 500 cofrades en numeros redondos, escollense os 50, si, pero por 80 votos, votos que en opinión de moitos saíron dentre familiares e tripulacións de 3 ou 4 que se apresentaban como candidatos. Xaora eses cincuenta escollerán cabido e patron maior. Mentras, erguiase un movemento de contestación que consideraban as eleccións caciadas e que era conveniente realizar outras novas, desta opinión e Manuel Pazos, armador e patron do dia. "fomos pedir a acta final e negousenos. Non as impugnamos por medo a un barullo pero un grupo de mariñeiro buscamos firmas pedindo a dimisión, non porque como persoas vaimos contra ningun, que son bons rapaces, senón porque foi un chanchullo. Viuse ben en como reaccionaron despois, cando chamamos a Comisións Mariñeiras e convocou unha asamblea no cine. Puxemos unha pancarta as cinco da tarde e pola noite xa non estaba, á dona do cine fornille con amenazas, das 263 firmas recollidas pedindo novas eleccións falaron de que as utilizaramos para que se abra todo o ano a veda da necora —que todo o pobo está en contra e nos tamen— e astra aparece un informador de "La Voz de Galicia" a facer un reportaxe que despois non se publica: "por presións desde arriba"....

viñera e aproveitou as Navidades para a votación "son tal de apuntadevos os que queríades. Eu fui un dos que me viñi a apuntar e no medio diso tra cofrades borronse —mais tamén saben que decian que por non ia craro — para min ia, con se di agora, democrático. O llesmos aos 50 e a partir dese eu xa vin que ia craro, eu saí elexido presidente de armadores de mariñeiro e saiu o que vicepatrón e así astra que candidatase a patron maior. Dous ou tres días veu un pedir as actas porque dixo que non estaba isto craro e se veñen con mala fe.... dixelle secretario que se querían copiar pedisen por escrito.... chamaron a CC.MM., eles non viñeron capaces....."

Vilar, o único da oposición que entrou no cabido, coíxa que as eleccións "astra certo puñado legal, pero houbo un confusiónismo moi grande na entrada a grande vontade de trabalho político para a fora ouvillas aos cofrades de Axuntante que non estiveron ben e se vada posteriormente non lles gustou eu o que sei e que me debo aos cofrade... Tampouco anda moi lonxe das conxencias un armador, Xan Dibona tamén, membro do Pleno, que se decirnos que cando se fixeron as eleccións para a xestora "aí a duas dígo que foran alá de todo xusto". Estas porque a xente non acudiu lo que Xan votamos nos mesmo, pero aí truva xa valía pena o pobo ou Moncho Llimara partidario, que de principio se candidatando coste e foi saber quen eran os outros concorrentes. Ile contestaron "non, non facetas". Unha, os candidatos pónse o maxa, con fabo dia, ali acima da mesa...."

AS PRESIÓN POPULAR FRENTE AO ALCALDE

Na historia recente de Fisterra habería que falar de cando de cada casa saía a xemana con velas a alumear, camiñar cara o Axuntamento. Protestar se polo mal servicio de luz e en xia eléctrica que lles vendía Jalón instalada en Cee. Ou cando, ses atras, rachando un pleno, se sometía o pobo saiu, sentouse, berrou pedidores (o de dimisión do alcalde, algunos denunciaron a Castiñeira, eles foron denunciados ao Goberno Civil. Protestabase por falta de pulido o circuito por tres interiores de vila, o pulido ou outro de pulido que desface....."



"PARA MIN IA CLARO" (Patrón Maior)

O actual Patrón Maior, Túcho Fernández explicaba así o tinglado electoral, eu estaba de patrón maior en funcións ao morrer o anterior e o segundo patrón maior andar en Gran Sol e via que isto non marchaba e estaba isto abandonado e como o ano pasado tiven que ir a Madrid xa polo da veda da necora aproveitei para reclamar os Estatutos que mandaramos e tratéi de facer as eleccións pero tiven unha pequena discusión co verdadeiro patrón maior e dixelle que se encarregara el de todo, vino que traballou, que puxo non sei cantos papeis para que a xente

"O aumento do muiño bastante declara poucos cartos, venido por favor todos pasen por lonxa e delle a Obra Maior".





As eleccións foron sen publicidade. Correron as casas ofrecendo postos...". (Manuel Pazos)

da grande sessión municipal non se lle da unha entrada a petición dun frigorífico para a lonxa -lonxa nas mans de Axuntamento- e que foi avada e se vende posteriormente por 400 mil pesetas, "se na necora gastamos coa xunta millores de carnadas, podíamxe deixar conxeladas no vran cando Xan Debonda tanto o xurelo que vai a Pleno, deseta ou se tira, en lugar de telas ixerón que traer de inverno desde Coruña "máis duas ou tres mil pesetas cada uno". Esta necesidade ven de tan acudido que Xan, por exemplo, considera a traixa vai para 16 anos a sua carreira Llamara particular e inda así "sabe candidato quando costa por en Fisterra unha súa outromelada de selo? pois 2.300 pesetas". Unha cámara para a lonxa, con fabricación de xelo "porque, se como pasou a semana passada e por mor do control de todo o circuito de comercialización por tres intermediarios da propia vila, o pulpo baixa dun dia para outro dez pesos, en lugar de se ter que desfacer del para que non pode falar de preza poderíase gardar forzando de novo a suba para o dia seguinte".

DO CONTROL DO PEIXE E DAS "INFLUENCIAS"

Calquer serán na lonxa aparentemente somentes un dos 3 compradores (o de Casa Rivas, ou Vidal ou Gómez Castañeiras). Vaise cantando a oito por milha de pulpo a 10.000 kilos de pulpo de pulpo a 140 (mentres, en

Ribeira, ao pe, vai a 200). Fora colle e vendello a outro deles un peso mais caro -con decir "mío" ganou 50 ou 60 mil pesetas que perderon os traballadores do mar o pulpo de Fisterra sae directo para un buque factoría que campa en Ribeira e de ali rumo ao Xapón, ou ben para Masso (Vigo) O fresco vai para Valencia, Madrid... A prepotencia que pode exercer un comprador de peixe nun porto das características do de Fisterra serve de mostra que o mais forte, o Rivas, e tamén asesor xurídico da Cofradía, preside unha Asociación de Pescadores vencellada a unha fundación-colexio privado que montou o cura, preside o casino... O para no abuso dos "influyentes" habería que falar do apoio que de vello lle prestou o actual alcalde ucedista ao consellerio de pesca, Baldomero Fernández Calviño, para ser daquela procurador nas cortes franquistas, e das visitas deste e mais da Vitoria España nos meses preelectorais e electorais. Aquí hai unha historia chocanteira, un bon dia a Asociación de Vecinos decidiu non aceptar a proposta de nomear presidente de honor a Vitoria Armesto. Ao seguinte o médico Segura Domínguez enton na AP, hoxe alcalde en Miño no bando UCD- vai e sacou na prensa que a Armesto fora designada presidente de honor da asociación. Polo si, polo non era viu a Fisterra receber a homenaxe e os da Asociación tragaron. Eso si, aproveitaron para abrirse camiño cara a administración e ir reclamar unhas cantas causas a Madrid como a ampliación do muelle, o dragado do porto, un carro varadero... e ian no nome da Cofradía, receberon promesas e tamén atenderon a aquel cruce de palabras entre o daquela ministro de Obras Públicas de UCD, Garrigues Walker, e a diputada AP onde o primeiro lle decía, "si si, pero ¿quién se va llevar el horreo?", querendo decir os votos a cambio do "favor".

REIVINDICACIONES DE VELLO

Contra outros moitos municipios galegos a poboación do de Fisterra vai en líxeiro ascenso -os 5.075 habitantes do 1970 eran 109 mais no 1975- e medra a sua tasa de actividade, esparsa a nivel de todo o municipio en mais dos dous tercios no sector primario-agro e mar-e a décima parte para os servicios e o sector industrial, nomeadamente os ramos de alimentación, madeiras e metalúrgica. A vila e porto pesqueiro de Fisterra concentra a tres mil dos cinco mil e pico veciños de todo o Axuntamento e centra a suas labours esclusivamente no mar, agas dun 13 por cento que se adican aos servicios. Da flota, composta por sobre dos 140 barcos, somentes un vai a gran sol, arredor dunha duzia andan por Portugal a castañeta e mais a palometta, unha vintena adicase a volanta, pincho e artes selectivas no fresco e a grande mayoría, perto do centenar, a nasa capturando pulpo fundamentalmente ademais de necora ou marisco. As embarcaciones do polvo rondan os cinco tripulantes, incluído o armador que é o patron de pesca -non hai armadores de terra-. O sistema

para todas eles, é "a parte", sen salarios fixos. Segundo dados recollidos por un equipo da Caixa de Aforros de Galicia, 32 barcos sobrepasan os 15 anos, 34 están entre os 10 e 15 anos de vida e os más novos pasaron dos cinco anos.

A vida dun barco e algo de seu para Fisterra, quizais por iso todos lembran ao "Coloso", ou ao da Cooperativa Santo Cristo, barcos que foron ao fondo ou a costa, lembran ao San Antolín, nomes que din as claras necesidades urgentes na infraestrutura do porto, melloras nas que todos, todos, desde o tan contestado patron maior aos más reivindicativos, coinciden en grande maneira e que imos reseñar mais polo miúdo.

Cando hai uns cincos anos como xa referimos fora unha comisión a Madrid -además o de arranxareñar as escalerías para baixar aos barcos e o do alumado, souberon que estaban concedidos 40 millons para un atraque, 15 para o dragado do muelle a mais doce ou trece para o recheo dunha escolleira. Hoxe o que se pide, na palabra de Juan Domínguez, e que ese día se empregue para ir ampliando o muelle porque "andamos a golpes no inverno" ou como remacha o mariñeiro da mercante Antonio Mendoza, na vila perdeuse diñeiro por que "se Juan que anda polo vran a castañeta podía traguer aquí e descansar un dia na casa, pero vai para Vigo porque se colle unha baixamar non ten atraque, se quere chegar pronto ten que abrir maquina e facer sofrer o barco" e se chega un pouco tarde ten que agardar a que saian dous barcos para poder descargar... se non coincide a marea agardar ao dia seguinte co peixe a bordo que como e fresco xa se desvaloriza" e Juan volta sinalar que tanto a nevera con fabricación de xelo, o aumento do peirón, o dragado -xa aprobado- e mais a limpeza do porto e un gardapeirón e de lei, mentres Antonio Vilar, atento a conversa sempre, lembra que "to-



Inda que haxa mal mar sequese a traballar.

das estas medidas están non aprobadas pero si apalabradás polo Ministerio e creo que non tardaran en chegar a Fisterra pero no momento que a UCD lle convén". Ramón Liñeiro, outro dos nosos informadores encarecia o seguinte, "¿por que non saiu o reportaxe na 'Voz'". Todo o que se puña era moi importante para o pobo de Fisterra e por culpa do retraso de sair no diario as causas estanse retrasando moito e eu como interesado aviseínos a

eles pero eles non me avisaron de que non se publicaba nada e se cando mandei outros escritos puñeronos e este non enton eu preguntou ¿era tan grave por unhas causas a ben do pueblo?".

Un pobo, que se viu facendo "homaxes" e honras a propietaria dese diario que tanto lle doe, un pobo virado para o mar.

MARGARITA LEDO

Fotos: XURXO FERNANDEZ



263 cofrades queren novas eleccións e todos reclaman que empecen as obras para ampliar o muelle..



o mu... bastante lexos porque a lonxa os, veito por fora pero imos facer que axa e celle a Obras del Puerto...". (Patrón

SOBRE O CONFLITO NO PORTO DA CORUÑA

Pretendo ver os feitos dos que se fala no artigo "A verdade Sobre o Conflicto no Porto da Coruña" do Número 90 de A NOSA TERRA, firmado por Alfonso Eyré. Quero facelo dende unha óptica por unha banda nacionalista popular (movimento no que, non fai falta que o aclare, estamos tanto A NOSA TERRA como eu mesmo), e doutra dende o punto de vista dos armadores (polo menos algúns), aos que estou directamente vinculado. Para ésto penso que debo clarear varias cousas:

A AN-PG tense definido no seu IV Planario, o mesmo que xa viña facendo, pola concordancia de intereses (polo menos remotos) entre a crase traballadora e a pequena e a mediana empresa. Penso pois que non hai que enfrentalos polo ben deles e do MN-PG.

Entón vou intentar ver o que son os "armadores". A Asociación de Armadores da Coruña, da que diste momento son máximos persoeiros os Srs. Etxebers, Zapata e Tobio, agrupa aos armadores de barcos de pesca ao fresco só da Coruña, senón tamén de Lugo (tema dos que tería tamén moito que decir, anque non ben a conto eiquí).

Unha boa parte destes armadores poseen un só barco, que como moito pode ser valorado nuns 50.000.000 de ptas. e cunha dotación de vinte homes (incluídos os traballadores en terra). Outra parte dos armadores teñen dous ou tres barcos, raramente máis. Penso que desto se pode deducir claramente que na maioría, os "armadores" son pequenos (ou medianos) empresarios. Cousa a parte é que a Asociación de Armadores leve a cabo unha política coerente con este suposto país, dase o caso que tal Asociación están manejada por personas que se saen un pouco deste tipo de armadores (o Sr. Etxebers, sen ir máis lonxe, é un armador de certa magnitud e o Sr. Zapata estivo, non sei se o está neste momento, vencellado aos grandes empresarios do bacallao).

Compre falar eiquí do desnorteamento de conciencia que sofren a maioría dos armadores e da manipulación a que son sometidos, obligandoos a non ver a sua calidade de pequenos empresarios e plantexándollos a situación como enfrentamento empresario-asalariado. Penso que éste é un punto que tería de ser tratado con moito cuidadeo polo MN-PG e coa habilidade de non usar o nefasto plantexamento de loita empresario-asalariado, sen matizar os distintos casos. Paréceme neste caso importante lembrar a análise feita no caso dos pisos para estudantes por ERGA. O recurrir ao plantearmento empresario-asalariado sen máis pode separar, en lugar de achegar ao MN-PG certas capas da nosa nación.

Hai que ter en conta o "complexo" de empresarios que certos grupos deles están tomando erroneamente debido a este plantexamento. Ven un pouco a conto mencionar eiquí, anque o contesto sea distinto, o artigo que aparece no mesmo número 90 de A NOSA TERRA "Arredor da Caixa" de L. Poula, xa que logo os ataques non se deberían dirixir (anque non sea o propio articulista que o fai) dunha forma tan directa contra dos armadores, senón contra da Asociación que, en lugar de defender os intereses, manipúlaos e engáñaos.


Criticando o espírito do artigo voyme meter con algunos puntos concretos, por se pode ser de interés.

No primeiro párrafo falase de que "os armadores impiden que os barcos saíran ao mar para protestar a decisión gubernamental pola que lle tiñan que pagar a CAMPSA eles mesmo a subvención concedida no carburante, e más tarde seríalles devolta". As miñas notícias ao respecto son que se tiña decidido tomar tal postura, pero non se chegou a adoptala por tomar visos de "arreglo" o problema do gasóleo antes do prazo previsto. Outra cousa é a posterior suba anque, polo que eu sei, estase a negociar o novo prezzo e non se teñen tomado ningún tipo de medidas de coacción.

Fago esta aclaración, anque penso que non ten demasiada importancia por ir o artigo en cuestión por outros derrotados.

Entón teño que decir:

a) fálase en dous puntos da convocatoria de folga. Nun disse que se convocou con máis de quince días de antelación: eso non abonda, pois, noutro párrafo dise que as mareas son de quince ou de vinte días (no inverno son de vinte días ou incluso máis) e, xa que logo, os barcos que se viron afecta-



balladores portuarios que se empreguen, este é fixado pola OTP en función do número de caixas que se pensa descagar, para que se faga nun tempo axeitado. No caso que eu coñozco millor, a media de coste de descarga ao longo do ano pasado (20 en total) é moi aproximadamente de 100.000 ptas. Non podo precisar con exactitude a media de traballadores por descarga, pero oscila entre dez e quince.

Tomando como media doce, resulta un precio "per capita" superior as oitomil pesetas (non ten nada que ver con as cincodemil nin coas mil setecentas que se mencionan no artigo, cifras nas que os armadores non teñen ningunha influencia).

A calidade do trato do peixe non é cualificabel, polo menos coas medidas que un señor capaz de tomar, e só se pode notar baixando á "nevera" (bodega refrixerada con seco, pois as cámaras de conxelación a que se fai referencia non se instalan nistes tipos de barcos) e vendoo "in situ".

Os armadores etán descontentos por estes motivos, a Asociación, manipulandoos a eles o mesmo que se dí que o Delegado de Traballo manipula aos traballadores, que tamén é certo, foi quen propuxo a estúpida medida de facer desaparecer a OTP para resolver estes problemas. Eu non me sinto capaz de dar unha solución, pero penso que passaría por unha presión conxunta de traballadores e armadores sobre a burocracia da OTP para facer que os cartos non se voltilicen e vian a onde teñen que ir para poder pedir aos traballadores un pouco de celo no seu traballo.

c) Cadro conforme en que as condicións de traballo son duras, anque hai algunas inexactitudes (unha caixa de peixe pesa, como moito, sesenta kilos e non se colleu en ningún momento, senón que se arrastran). Ademais, estas condicións non as imponen os armadores que, deixa agora, estiveron dispostos a aceptar todas cantas propostas se fixeron pola OTP para mellorlas. E a OTP quen non buscou a posibilidade de facelo doutro xeito. Tampouco é certo que o traballo haxa que facelo rápido (non teño noticia dun só armador que apure aos traballadores), pois o barco non saírá para o mar ate dous ou tres días despois da descarga, e non se move do lugar onde se efectua, polo menos, en toda a noite. A presa nor acabar está clara no artigo (e dela non son responsables os armadores: "o estibador quiere descansar un pouco" "nchar na descarga do bacalao....")

d) Outro punto lucido de pasada, e un pouco como disculpa, é o do derrame do peixe. Se os barcos fan mareas de vinte días é porque ese é o tope de "aguante" do peixe, pois sería máis rentable facer mareas de trinta días (os barcos teñen unha autonomía dunhas cuarenta días, así que podrían facelo). Así que, os días no porto influyen moito no estado do peixe, máis ainda tendo en conta que as condicións de abrigo do porto influyen negativamente en comparanza coa estancia no mar.

Como anécdota clarificadora direi que un barco, do que teño datos precisos, tivo que descargar o dia catro en lugar do dia tres que tiña previsto (por manipulacións que non apoia aos armadores, non por culpa dos traballadores) conseguiu en lonxa unha "marea" de 2.002.000 ptas. (pagou de nómina ao pé de 1.800.000, para que se vexa que non todo é trigo) e, o seu compaño que vendeu o dia antes unha cantidade de peixe análoga, mesmo ligeiramente inferior, conseguiu arredor de 3.700.000. (Non toda a diferenza se debeo a mermas na calidade do peixe).

e) Estou conforme en que houbo manipulación da folga, non só polo Delegado de Traballo, senón tamén polas "forzas vivas" ou non, intereses que non eran nen os dos traballadores nin os dos armadores.

f) No que lle toca aos enfrentamentos físicos, hai cousas que non cadran coas noticias que eu teño (de fontes de confianza), pero penso que aclaran pouco sobre o tema da explotación ou sobre a postura de determinadas forzas que supón son de todos coñecidas. Polo que coido que non é interesante discutillas. Quero deixar constancia, nem bargantes, de cinco armadores feridos, a dous deles pegaronllles ao sair dos almacéns e aos outros tres perto das suas casas onde os estaban agardando.

O prezzo da descarga está en función da cantidade de tra-

ANTON G. PARDO

EUSKADI GOBERNO PNV, PARLAMENTO ABERTZALE

ANTON OLEA

O primeiro que chama a atención ao analizar os resultados das eleccions ao Parlamento basco e o medre dun 12 por cento da abstención respecto das últimas eleccions xerais, e de perto dun 7 das municipais. Algo mais da mitade do censo de tres das catro provincias bascas acudiron ás urnas e mais do 47 por cento non votaron. As interpretacions poden ser varias, que as eleccions se celebraran en domingo, que o tempo foi malo, etc... Nembar-gantes, no que parece ser que coinciden muito os líderes e no cansancio do electorado e no desencanto que empeza a pren-dese no país.

O outro dado que salta a vista é o impresionante adianto dos partidos nacionalistas e a derrota dos partidos españoles, coa excepción de AP. Así, o PNV, que nas eleccions xerais obtivera nestas tres provincias bascas 270.024 votos veu medrar os seus resultados nestas eleccions conseguindo 351.283 votos e 25 parlamentarios o que ven significar un medre do 30,8 do por centaxe. Herri Batasuna, que o 1 de marzo obtivo 148.036 votos, nestas eleccions consiguiu medrar a cifra a 152.162 e 11 escanos, o que ven significar o 1,9 mais. Euskadi Ezquerria, que conseguiu nas eleccions xerais 80.518 votos, medrou o numero de votantes en 90.064 e 6 escanos, o que ven a representar un 12 por cento. Esto significa que 94.431 persoas decidiron nestas eleccions por a sua confianza nun partido abertzale.

Deste xeito, o PNV gañou 81.931 votos, HB 4.126 e EE, 9.546. Entre estes tres partidos conseguiron 42 escanos dos 60 que forman o Parlamento Basco. Como dato significativo hai que salientar que onde más medraron EE e HB foi en Araba e Bizkaia, que eran as duas provincias de menor incidencia de voto nacionalista e, pola contra, perderon algun voto en Gipuzkoa, que é a provincia considerada como más abertzale.

O DESCALABRO ESPAÑOL

O terceiro dato a ter en conta é o recuo que experimentaron os partidos estatais. Así atopamosnos co descalabro surgido pola UCD que pensaba ter, segundo os seus cálculos, de 12 a 16 escanos, quedándose só en seis. O 1 de marzo obtivo nas tres provincias bascas 163.450 votos que nestas eleccions quedaron reducidos a 78.310, o que ven significar que perdeu un 52 por cento dos seus votos. Así, de ser o segundo partido electoral no País Basco pasa a ocupar o quinto posto despois do PNV, HB, PSOE e EE.

O descalabro do PSOE tamén foi considerabel, ainda que menor que o de UCD. Segundo as suas declaracions pensaba obter 14 escanos e só consegue 9. Nas eleccions do 1 de marzo obtivo 179.873 votos e nestas só obtivo 130.542, o que significa que perdeu o 26,9 dos seus votantes. A traxectoria do PSOE no País Basco é moi preocupante; xa que desde as primeiras eleccions xerais, celebradas o 15 de xunio do 1977, foi perdendo votantes en

todas as eleccions. De ser o pri-meiro partido electoral de Euskadi nas primeiras eleccions xerais pasou a ocupar o posto terceiro.

AP protagonizou pola sua banda, unha das grandes sorpresas destas eleccions, pois ainda que non consegueu as suas previsions, que cifraba na obtención de 5 escanos e só obtivo 2, medrou o seu porcentaxe de votantes respecto do 1-M nun 30 por cento AP obtivo un total de 42.943 votos. Con este resultado o partido de Fraga consegueu algo moi importante, obter representación no Parlamento Basco e consolíxase como partido.

GOBERNO MONOCOLOR

A todo isto, Garaicuetxea adiantou xa que formará goberno monocolor PNV, "o único que me permitiu anticipar -declarou- que temos a sincera convicción de que se producen as circunstancias que posibilitan un goberno monocolor".

Tamen confesou publicamente que hoxendía, namentres segue este clima violento, "non é posibel a amnistía". Pero de todos xeitos "nos impulsariamos decididamente un alivio da situación dos que hoxe están a padecer prisión ou exilio".

Tamborenea, do PSOE, pasaba a pelota ao proximo goberno monocolor, "o PNV ten de frenta a un 50 por cento que non está interesado polo proxecto político autonomico xa que non crei nel. E mais, a abstención hai que sumar o voto de AP e o de HB, co que se alcanza más do 65 por cento. Un 65 por cento que non crei nas instituciones autonomicas". Juan María Bandres, de EE, facía esta valoración dos resultados, "o outro aspecto importante é a gran derrota sufrida pola UCD. E honradamente diso alegrome moi. Pola súa banda o PSOE baixou. Pero este partido, ao igual que a UCD, está a pagar unha política de pactos e de consensos en Madrid, moi perigosa mirada desde Euskadi. De todos xeitos, o PSOE ten unha gran posibilidade histórica de congraciarse de nov co pobo basco, loitar dun xeito definitivo pola integración de Navarra en Euskadi". Mayor Oreja, candidato número un ucedista por Gipuzkoa, ao igual que o PSOE batallaba a culpa a abstención, "parte do pobo basco non foi consciente destas eleccions e así esa gran abstención. As baixas cifras alcanzadas pola UCD están relacionadas directamente coa abstención. Os resultados reflejan un descenso dos partidos de implantación estatal, pero fundamentalmente houbo quizais unha incapacidade destes partidos para transmitirlle ao electorado a importancia destas eleccions".

Por ultimo, Telesforo Monzon, de HB, tamén en declaracions, desenrolou a súa opinión sobre este punto e apuntou a posibilidade de que os tres grupos nacionalistas se podan por daco do nun programa de mínimos, a corto plazo, sobre a base da alternativa KAS, amnistía, legalización dos partidos, retirada das FOP, recoñecemento da soberanía nacional e dereito de autodeterminación.

PAISES CATALANS DESPOIS DA CAMPAÑA ELECTORAL

MARIA MERCE MARCAL

Unha vez pasado o ecuador da campaña electoral das eleccions ao Parlament, podemos advertir poucos cambios respecto do seu comienzo. Quizais un dos feitos que racharon un pouco a monotonía foi a folga de transportes promovida, hai unha semana en Barcelona, por CC.OO e que foi aproveitada, en gran medida, tanto polos partidos de dereita como polo mesmo PSOE que intensificaron os xa habituais ataques aos eurocomunistas.

Unha notable pasividade popular que fai prever un alto índice de abstención e un tono obsesivamente presidencialista por parte de case todos os partidos que teñen representación no Parlamento español, a carón dos constantes ataques ao PSUC e aos perigos dun posibel goberno "marxista" por parte da CEOE e da dereita son as constantes más significativas. Na última crónica analizábamos por enriba o espacío político da dereita. Neste intento, e a vista dos resultados no País Basco, parece praticamente seguro o descenso de UCD e a subida de Pujol, que empregou nesta campaña unha cantidade de recursos inxente, somentes comparables a dos socialistas. Pola contra, non parece que poida trunfar dabondo a operación Esquerda Republicana de Catalunya, que non pode quitarse de enriba a sua imaxe nostálgica e dun humanismo liberal sen moitas conexions coa esquerda real.

O FRACASO DE ROJAS MARCOS

Dentro do campo dos partidos de esquerda é evidente que pesou a sombra do PSA no enfoque das suas campañas electorais. A pesares de que segundo parece augurar, é significativo o fracaso dos mitins de Rojas Marcos que contaron con escasa asistencia. En Santa Coloma de Gramanet,

por exemplo, unha das cidades do cinturón industrial con máis inmigración andaluza, non se pudo celebrar un acto por falta de público. Todo isto, a pesares das vicisitudes do referendo andaluz, ou quizais por estas vicisitudes xa que os dirixentes catalanes dos partidos da esquerda española apresúrranose a participar máis en esta campaña andaluza.

UNHA IMAXE MAIS DE "ESQUERDA"

Deste xeito, tanto Benet, segundo o PSUC, como Reventos, segundo o PSOE, son o presidente de todos, facendo referencia implícita a idea de inmigrados e autoctonos. A pesares destas coincidencias e de que ambos partidos se reclaman como a voz dos traballadores, advertimos diferencias sustanciais na campaña dun edoutro partido. O PSOE intentou dar unha idea de responsabilidade de posibel goberno en solitario, de alternativa de poder en definitiva. Mesmo na sua análise dos resultados das eleccions do País Basco insistiu neste aspecto do PNV. O PSUC deu unha imaxe progresivamente más de esquerdas, corroborada precisamente polos ataques constantes da dereita e polas últimas movilizaciones de CC.OO. A sua campaña parece culminar na consigna de sempre, vota comunista. Paralelamente desenrolou unha campaña específica presidencialista arredor da figura de Benet nun intento de capitalizar a imaxe "nacionalista" do senador, ao cal presenta como o presidente da unidade.

O RETO DE NACIONALISTES D'ESQUERDA

É evidente que este xiro a esquerda da imaxe electoral do PSUC vei perxudicar a opción da esquerda anticonsenso españolista, e decir "L'Unitat del Socialisme", coalición electoral do PTC, LCR, MC e OCDR, que tentaban quitarlle votos pola esquerda.

ESTADO

Unha incognita importante a constituirán as posibilidades electorais da Esquerda d'Alfíberament Nacional, con moitos menos recursos económicos que a maioria das outras opciones Nacionais. A opción que encabeza en Barcelona Jordi Carbonell e Magda Oranich tivo que enfrentarse co reto da sua novedad e, ao mesmo tempo, acometeu con forza a decisión de desmarcarse da Esquerda Republicana de Catalunya, opción que aparentemente se dirixía en boa parte ao seu posibel electorado. Tamen debeuse enfrentar ao confusionismo e aos ataques de contínuo do que son obxecto por parte do BEAN. Este último grupo que pode contribuir a dispersar o voto do seu espacío parece ter enfocado a sua campaña no ataque ou no seguimiento crítico de Nacionais d'Esquerda. A representatividade real dos diferentes movementos, ecología, feminismo, gays, etc., presente dentro de NE e invocada como propia polo grupo de Xirinachs e esforzase moi por amosala. O aspecto mais pintoresco o constitui a asunción formal por parte do BEAN do programa do Partido Feminista de Lidia Falcon, coñecida líder do feminismo radical españolista que analiza a muller como unha clase social oposta antagónicamente ao home. A pesares da escasa incidencia deste grupo é evidente que a sua presencia pode contribuir a por as cousas más difíceis para que a esquerda nacionalista chegue ao Parlamento. Un Parlamento no que sen dubida a esquerda reformista vai manter unha difícil hegemonía. E no cal, de certo, pode ser vital unha voz contra do consenso e contra do españolismo.

modifique a estrutura do Estado, como non a modifigan as autonomías, este partido sigue a conservar as rendas das institucions e dirixindo o proceso político.

ACTIVIDADE PARLAMENTARIA

E así, a actividade lexislativa do Parlamento sigue coa tonica xa mentada doutras veces de imposición dos criterios que representa o "Centro", con ou sen oposición por parte dos grupos da esquerda parlamentaria. Neste sentido, compre sinalar que o Pleno do Congreso que se encetou na tarde do dia 11, siguióse a discutir o "Estatuto dos Centros Escolares", e os debates terán de ser rematados esta semana, dado que o Pleno non se volverá celebrar deixa a derradeira semana deste mes. Nas votacións e aprobación do texto definitivo do devandito Estatuto, a UCD espera derrotar a postura de oposición da esquerda, que defende certos matices formais no ensino diferentes as propostas do Goberno, pero para

eso terá de asegurar a presencia

de todos os votos dos seus diputados, porque precisa dun mínimo de 175 para que a lei quede aprobada, e o apoio de certos sectores socialdemocratas do partido gubernamental a un texto con marcadas influencias dos sectores vinculados ao Opus Dei e un tanto dubioso.

O DO "TRIBUNAL DE CUENTAS", OUTRO PROXECTO DISCUSIDO

O outro proxecto de lei que tenta plasmar un certo xeito de organización do Estado mediante o desenrollo da Constitución española, e o da "Ley Orgánica del Tribunal de Cuentas", presentado polo Goberno e ao que un grupo da oposición xa se lle presentado unha enmienda a sua totalidade, baseada na presunta inconstitucionalidade do texto mencionado, segundo o que os membros deste tribunal propoñerían o propio Goberno en vez das Cortes, co que a sua labour fiscalizadora quedaría en entredito.

ZIMBABWE NO FIN DA SEGREGACION E O NEO-COLONIALISMO

J.J. NAVARRO
L.L. MOIX

O cono sur africano vai contar de aqui a poucas semanas con un novo pax independente na sua area. Zimbabwe, a antiga Rodesia, que durante anos foi feudo dos colonos blancos, vaise convertir por mor das eleccions, celebradas nos últimos días de febreiro.

breiro, nun novo estado progresista gobernado pola alianza radical e nacionalista da maioria negra. Coa ascension ao poder de Mugabe e do "Zanu", Zimbabwe pode por fin a quince anos de segregacion racial e loita guerrillera.

Rodesia comenzou a se converter nun pesadelo internacional no 1965, cando a minoría de colonos blancos desligouse da corona británica e empezou a gobernar aquel territorio africano, favorecendo os seus intereses económicos e fomentando unha política racista que marxinaba a maioría de cor. Esta situación motivou a progresiva concienciação nacionalista da comunidade negra, que, co paso do tempo, transformouse nun imparable movimiento guerrillero de oposición ao poder branco. A desafortunada intransixencia do Frente rodesiano, encabezado por Ian Smith, propiciou un grave deterioro da situación, o que aconsellou una primeira intervención das grandes potencias.

O FRACASO OCCIDENTAL

Asi, namentres a URSS e a República Popular China apoiaban aos movementos guerrilleiros, o bloco occidental tentou de potenciar alternativas a Smith, que ofrecían maiores garantías de moderación. A pesares da sua vontade, Occidente cometeu en Rodesia un erro no que cae a miúdo: actuou moi tarde. Os intentos norteamericanos e sudafricanos, encamiñados a utilizar ao bispo Abel Muzorewa como ponte entre os seus intereses e o povo rodesiano non lle chegaron nunca a callar. Por outra banda, o apoio prestado a Joshua

Nkomo, pai do nacionalismo rodesiano, polos británicos nas xornadas previas as eleccions, contribui notablemente a sua derrota ante Mugabe, que ostentaba a condición de líder negro non relacionado coas potencias occidentais.

O PLAN INGLÉS

Poren, demos volta atrás. En setembro do ano pasado e unha vez fracasadas as tentativas para conseguir unha paz ventaxosa para Rodesia, o ministro de Asuntos Exteriores lord Carrington, encargou a lord Soames o artilhamento dun plan que pretendía liberar a Inglaterra do problema rodesiano. O devandito plan constaba de varias fases, a primeira dasas supuña a negociación previa cos líderes dos distintos grupos políticos; a segunda, unha tregua entre os guerrilleiros e as forzas gubernamentais; a terceira, a celebración de eleccions libres, e, por último, a promulgación da independencia de Zimbabwe.

Lord Soames cumpliu o seu plan con habilidade e despois dos primeiros contactos consigue fixar a data do 4 de xaneiro para o inicio da tregua. A partir dese dia, os movementos guerrilleiros controlaban xa os dous tercios da extensión do país e as distintas coalicións empezaron a preparar as eleccions, sen que se rexistrara incidente algun de importancia.

O VENCEDOR, UN MESTRE NACIONALISTA

Os resultados das eleccions, celebradas os días 27, 28 e 29 de febreiro, cunha participación do 94 por cento dos censados, provocaron unha importante baixa na Bolsa de Londres, pero non sorprendieron a ningunha en Rodesia. Robert Mugabe, líder do Zanu, conseguiu o 62,9 dos votos; Josua Nkomo, líder do Zapu, e tamén nacionalista, ainda que mais moderado que Mugabe, conseguiu o 24,1 por cento. O bispo Muzorewa tivo que conformarse cun 8,2 por cento.

Robert Mugabe, o vencedor

dos comicios rodesianos, é un mestre que en 1960 deixou a docencia para adicarse a loita nacionalista. Intelectual, cristiano, marxista e maoista, Mugabe repetiu en distintas ocasións a sua vontade pacificadora, a sua intención de respetar a propiedade privada dos blancos e os seus interesses por conseguir un goberno de reconciliación nacional, do que formen parte representantes de todas as forzas políticas de poder de Zimbabwe. Sen embargo, a sua laboura non ha ser fácil. Por unha banda, deberá ir amodindado nas suas reformas para non inquedar a minoría blanca (a ollalo como un perigoso marxista a soldo do comunismo internacional) ao tempo que acelera os cambios na estrutura rodesiana para responder axeitadamente ante os seus electores.

OS PRIMEIROS PASOS

E obvio que Mugabe actuou con habilidade no seu papel de líder opositor e xefe máximo da guerrilla do Zanu. Nembargantes parece que agora tamén o líder rodesiano parece toparse con novas dificultades na xestión administrativa e na loita armada. De seguro, a fortuna de Mugabe no seu novo cargo depende en boa medida da sua elección a hora de escoller "padriños" para o novo estado de Zimbabwe. A sua ideoloxía marxista descarta calquera alianza profunda con occidente. Unha relación dúbida estreita co bloco socialista (propiciando a formación dun "cinturón roxo" integrado por Angola, Zimbabwe e Mozambique) suporía o bloqueo económico da minoría blanca —que controla gran parte da riqueza nacional— ou o traslado desta comunidade a veciña e "más acolladora" República de Sudáfrica, con resultados igualmente nefastos para o nacente Estado. Quizais por iso, aseguñ certos observadores occidentais, Zimbabwe se incline por unha via progresista a nivel nacional e neutral no internacional, que sen dubida contribuiría non só ao desenrollo do país, senón tamén a pacificación da África austral.



Un soldado británico en "Rodesia"

Ainda na memoria a colonización de Zimbabwe mentres no mato a loita continuaba, un dominical británico publicaba o diario do soldado Tony Rogerson, de 23 anos, que despois de pasar 3 na Mariña inglesa alistouse en xaneiro do 79 na Infantería Lixeira de Rodesia, composta totalmente por soldados blancos. Velaqui anacos do diario:

"Lasisbury, 12 de xaneiro de 1979. Dentro dunha quincena saímos para o mato. Premeu un pouco nervoso entrar tan axiña en acción. E devo distinguir os que teñen entrado en acción dos que non; estes son como mi, abren moito os ollos e andan todos inquietos. Aqueles son tipos moi tranquilos e parece que lles gusta matar. Espero non converteirmos nun deses.

13 de Xaneiro. Surprendeme descubrir que é considerada normal a proporción de 20 ou 30 deles por cada un de nos. Teño a impresión de que a ninguén lle preocupa demasiado que "se é negro e se morre, acaba con él". Tampouco lles preocupa a pillaxe, e hai veces en que os prisioneiros son executados. Promete ser unha experiencia sañuda. Hai moitos estranxeiros na tropa, talvez o 40 por cento do total. O maior número parecen ser británicos. Todos semellan ter tendencias homicidas.

Sector de Mabalauta, 18 de febreiro. A miña primeira misión foi unha decepción. Non creu que tivese medo, pero tiven unha estraña sensación de vacío nas entrañas.

22 de febreiro. O meu primeiro "contacto". Mandaronos a unha zona cuberta de mato, que imediatamente comezamos a rexistrar. Desde o helicóptero dirixironos por radio a onde estaba un negro que mataran. O cadáver tiña a cara na terra, estaba cuberto de po e sangue coaíllado. Foi a primela vez que viun un terrorista morto.

Paramos de buscar mentres o helicóptero ceibou unhas rafagas de metraladora e napalm. Continuamos o rexistro na dirección que atacara o helicóptero. Camiñabamos polo leito seco dun río cando de repente, polo rabo do ollo, percebíun un movemento a miña direita, unha sombra nunha matogueira a uns 5 metros de distancia. Virei o rifle e rapidamente disparei 15 tiros cara ao mato mentres a miña esquerda fixo outro tanto o Nigel. O cabo Rousseau mandounos buscar o cadáver. Cando o atopamos, o cabo Rousseau ceibulle un tiro na cabeza. Por algúna razón este incidente fixome unha fonda impresión.

Continuamos a busca e, sen avisar, o Mike Moore disparou tres tiros. O cabo tamen disparou e un negro, que estaba axoellado nunha matogueira a poucos pasos de distancia, de costas a nos e coa sua arma no chan ao seu lado, caiu morto.

Eu xa estaba moi nervoso. Pouco despois descobrimos un cadáver caido de costas contra unha arbore, e a sua arma a poucos pasos dali. Seguramente pasaramos onda el duas ou tres veces; matariao o helicóptero. O Nigel camiñou cara a el para cachealo; eu seguiño cubrindo, achegamónos ao negro por detrás.

O Nigel estaría a algo mais de dous metros do negro, por diante, eu a mesma distancia por detrás, cando para surpresa n'osa o "cadáver" cobrou vida e ergueu as mans en sinal de rendición. Com o nos colleu de surpresa abrimos fogo a un tempo, as balas do Nigel desgarrando o peito do negro, as miñas abrindolle un buraco nas costas. O negro encolleuse e quedou quieto, mentres unha capa de po cubría o seu corpo.

Logo ergueu as mans outra vez. Era horribel, com o un pesadelo en que tratas de matar algun pero as balas saen lentamente do cañón. O Nigel berroulle ao cabo Rousseau: "Ainda está vivo, desparolle outra vez?"

Chegou a resposta: "Si, desta vez atravesalle a cabeza ao cabron!"

O Nigel fixo o que lle mandaban, voandolle os miolos ao negro.

Ao axoellarme onda o cadáver, escudrundamo a zona por se había outros axexons, ollei para o cadáver. Tiña os ollos meio abertos e parecía que estaba a fitar para mi.

De repente abriu e cerrou a boca, cun chasquido. Quedei a fitar para el, cunha sensación de noxo.

23 de febreiro. Cando penso na escea de onte, o único que vexo e o negro a renderse e o Nigel e mais eu a reventalo. Non podía defendese, e porei eu dispareille. Nunca pensei que fose capaz de disparar contra alguien que se esta a render. Pero fixeno.

8 de marzo. Unha saída, pero sen contactos. Un dos nosos estase maleando tanto como os terroristas. Que te ra convida mostroume a orella que lle rebanara a un negro morto.

Incursión en Mozambique, 23 de abril. Temos permiso o fin de semana, gracias a Deus. Agora que estou de volta na civilización decatome do nervoso que estou.

29 de abril. Atacamos as 10,00 en punto. Un campamento terrorista a 50 quilometros dentro de Mozambique. Foi tremendo. Os cazos barrenaron o lugar e nos seguimos barrendo e voando casamatas, queimando tendas e vitualhas, collendo armas e munición e matando negros. Despois o acampamento ficou como unha escea dunha peluca de guerra, mortos por todas partes con un fondo de chamas. Fantastico.

5 de maio. Chamaronos para atacar un acampamento terrorista, a 15 minutos de voo. Matam os catro, entre eles unha muller, e capturamos un. O sárquido Moore partiu o espíñazo choutando. No helicóptero unha bala atravesou a perna a Tont Greig, e tamen foi ferido lixeiramente na cabeza. Hoxe matamos o numero 101 nesta incursión. Celebramos con viño escumoso.

7 de maio. Esta noite, de guarda, decateime que esta empezando a gostarme o combate dun xeito malsan. Se non o deixo logo, vai ser demasiado tarde dun xeito ou doutro.

Descanso en Salisburgo. 24 de maio. Aqui estou na cama, a pensar. Na guerra, que outra cousa? Naquela vez que chamei unha negra cando fomos a sua aldea. Tratei de lle ripar a blusa para cacheal, pero non rachaba. Por fin desabotouna ela mesma, fitando para mi todo o tempo; os que estaban pousados en terra onda nos ollaban para mi. Ao primeiro sentiu culpabilidade, logo caraxe, e logo boteime a rir. Que noxo!

Ou cando lle disparei a unha casoupa de pedra e rin, non por chulería, porque non había ali ningun que me vise. Simplemente desfrutei arruñando o lugar.

Dorowa, 20 de xuño. Despois de em paquetar paraquedas, o Koos Basson viu dous negros a camiñar cara a aldea, a uns 100 metros de distancia. Eu quería dispararlles, pero o noso xefe de peloton puxou nervoso e tivemos que deixalos ir.

En marzo tiven que impedir que o Nigel lle disparase a un suspeito, e so tres meses despois eu quería reventar dous tipos, evidentemente paisanos.

21 de xuño. Limpamos 12 negros (un era unha muller) e capturamos catro. Despois, a un prisioneiro cos ollos vendados deronlle unha pistola descarregada e mandaronlle que se disparase a si mesmo. Sen vacilar puxo a arma baixo o queixo e, non sabendo que estaba descarregada, deulle ao gatillo.

22 de xuño. Un soldado, que estou seguro se esta a voltar tolo, escorreuse pola sua conta cortouelle a cabeza a un negro morto. Logo espetou a cabeza nun cañoto para que todos a visen. Estou seguro que se lle esta indo o sentido. Agarrotanselle os músculos da cara e arregána os dentes como un maníaco cando descrebe certos incidentes sangrentos!"

O 29 de xuño de 1979 o soldado Tony Rogerson ausentouse sen permiso oficial do servizo activo na Infantería Lixeira da Rodesia.

CARLOS DURAN

ALGUNHAS FORMAS DE PESCA NAS COSTAS GALEGAS

Ainda nos quedan algúns lugares pouco contaminados, sen ter en conta as mareas negras de tan triste lembranza para esta terra (Plycomander, Erkovit, Urquiola, etc, etc.). A xente do mar e os amantes da Natureza en xeral vimos como moitas veces se pon en perigo o biotopo marino, sendo as rias galegas dos medios más produtivos do mundo (a primeira é a ría de Arousa), como miles de aves se debaten en lenta agonía lixadas de petróleo, e como praias e laxes quedaban cheas do preciado ouro negro ou de outros produtos letais. Sabemos os peligros que amenazan as nosas aguas polos verquidos de determinadas industrias: Celulosa de Pontevedra, ELNOSA, planta de aluminio de Cervo (N. de Lugo), etc, etc, así como outros que poden vir axiña: central nuclear de Regodela (Xove, Lugo), várias celulosas más e outros moitos. Estos problemas fixeron correr regueiros de tinta de protesta, ademais da oposición da meirande parte da poboación, sen que a Administración, nem moi menos os oligopólios se volveran atrás. Deixemos agora a contaminación para outro artigo e falemos da pesca en costas ainda limpas.

Somentes falarei da pesca des de terra e nunha zona da ría de Muros e Noia, onde ocasionalmente vivo agora. Aquí un Robinson non tería demasiados problemas para autoabastecerse dos "frutos do mar" (como dirian os franceses), sempre e cando o forte oleaxe o permitira. A pouca influencia turística, que arrampa con todo o que atopa, a gran produtividade do medio acuático e un mar limpo e algo axitado son a causa da abundancia de certas especies.

Pola mañá cedo baixamos á veira do mar, aproveitando a seca.

Provistos de botas de goma e co cesto de bimbo metémoros entre as algas e rocas na baixamar. Con unha corre de bimbo que ten na punta somentes uns 10 cm. de sedal coa sua blanca, imos

pescar mariolas e lorchos. A isca é unha miñoca que se colle entre a mexilla e tamén entre os arneiros con certa dificultade. Despois de botar o "injuado" na agua, consistente en ourizos de mar machacados, metemos a corre polos buratos das pedras amoreadas, e a esperar un pouco. Se non pican haberá que buscar outro burato e "inguadar" de novo. A mariola é un peixe de cores pardas, non moi grande, escorregadiza, habitante de fondos rocosos, de carne moi apreciada e de gran sensibilidade ás emanacións olfativas debido a uns bultos que ten na parte dianteira da cabeza. Nun dia bo, millor no inverno, pódense coller 30 ou 40, que xa está ben. Así tamén se collen outras especies, e incluso nécoras que veñen enganchadas na isca e ao saír sótanse, tendo que apurarse para collellas sen que te mordan.

GRAN AREA DE EXPANSION INDUSTRIAL DE GALICIA

MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS E URBANISMO

- * Se te interesas por Galicia e confías no seu futuro.
- * Se proxectas ampliar a tua fábrica ou crear unha nova industria.

Utiliza os benefícios da G.A.E.I.G.

Concurso aberto astra o 31 de Decembro de 1980.

Benefícios especiais na comarca do Ferrol.

INFORMES:

Pazo de Raxoi. Telfs. 581689 – 581789 – SANTIAGO.

Alameda, 38-terceiro (Cámara de Comercio).

Teléfono 22.87.87 – A CORUÑA

García Barbón, 3-segundo. Telf. 218303 – VIGO.

DEPORTES

OS HINCHAS: FANATISMO NO ESPECTACULO

No sistema capitalista todo é válido con tal de sacar beneficio e perpetuar o sistema.

Que nos países capitalistas o espetáculo deportivo é unha fonte de ingresos, está ben claro e mostrárono cada dia os intereses que hai detrás de cada manifestación supuestamente deportiva.

Dentro do mundo do deporte podense distinguir cinco especies: o deportista, o profesional o espectador, o hincha e o dirigente. Unhos é outros cumplen unha determinada función, moitas veces imposta, más ou menos veladamente, polo sistema.

No sistema capitalista que nos movemos, no seu cumio de intereses que conforman o lucro e a perduración o hincha xoga un papel clave.

O mero espectador asiste ao espetáculo polo espetáculo en si, pola sua afición, aportando unha visión crítica e sin fanatismos histéricos.

O hincha é outra cosa, distinguindo especialmente a sua pasión polo equipo.

Un espectador convirtese en hincha cando siente unha pasión excesiva por un determinado equipo.

Na mentalidade do hincha existe unha tendencia difícil de superar: gustalle falar, pensar, actuar con pasión. O seu fanatismo levará a banagloriarse ou defender ao seu equipo, estando dispostos a liarse cos que lle levan a contraria.

O hincha é un dogmático do seu club. Tan dogmático como calquera dogmático dunha relixión, que pensa que a sua é a única verdadeira. A sua actitude e a de todo aquil que perde o senso, anulando todo análise crítico, actuando de forma inconsciente, suxetiva e dogmática; alonxada de todo análisis e razoamento.

O sistema aproveita estas "cuadillas" para imponer a sua comenencia, propiciando e apoiando aos hinchas.

Todo require un caldo de cultivo, e o do hincha é a familia. O neno siente dende pequeno que o que é mao para o seu equipo é mao para o seu pai, e até para el, xa que cando o equipo perde está enfadado, pagando moitas veces a familia iste "desastre".

Influyen, tamén nos hinchas o localismo e un senso de inferioridade ou de asoballo que proyectan e identifican co equipo. Nalgúns hinchas dase o caso do cambio de equipo porque o "seu" vai mal. No novo seguirá sendo tan hincha como era antes. Os hinchas das nacións colonizadas tenden a identificarse cos clubs grandes da metrópoli xa que "é patente a sua inferioridade da lingua, da cultura, tamén no deporte, con relación, no noso caso, ao español"; xenerando así unha especie de inferioridade imprescindible para que o pobo siga sometido. Os hinchas galegos, ademais do equipo local, por un senso de identidade, tamén son hinchas dos grandes clubs do Estado; Madrid ou Barcelona, na meirande parte.

E ben sabido que os hinchas descargan as suas frustracións familiares, profesionais e sociais na figura do árbitro. O outro é o chivo espiatorio sobre do que se descargan os fracasos e desgracias da persoa e do propio equipo co que se identifica o hincha. Tamén é sabido que nas épocas de crise económica os hinchas volvense más agresivos, podéndose medir isto feito en estadísticas.

Outro factor importante na creación dos hinchas son os medios informativos, xa se sabe, sirven ao capital, que caldean, aliñan e encúrian nos días anteriores o que vai suceder logo no campo.

Sacralizase algo tan simple como é o feito deportivo, sobre de todo nas dictaduras e nas falsas democracias como valvula de escape cara temas como os problemas sociales e políticos.

O hincha é usado polos interesses económicos, non importandolle que se perdan máis horas falando de fútbol ou das quinielas que das folgas, pero claro, é más rentabel.

O hincha son o producto típico dunha sociedade alienada, manexada e conducida cara os intereses que non fan peligrar o sistema establecido.

Na nosa sociedade sirvese o deporte en forma de droga institucionalizada como o alcohol, que condiciona ao individuo até lle facer perder o senso crítico e convertirse nun cliente fácil dos intereses das clases dominantes.

PUCHEIRO

LIBRERIA



Vila de Negreira, 3
Tlf. 261975
A CORUÑA



o Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía
e socio-lingüística

Editada por "PROMOCIONES CULTURALES GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBA BASE DESDE XA!

Ingresar o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apellido e domicilio.

‘YΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ


MORTALIDADE E MORBI- LIDADE INFANTIL:

E este un índice básico como indicador específico de necesidades específicas, mais ou menos atendidas, económicas, nutricionais, educacionais, e de infraestrutura sanitaria. Xa temos adiantado que o índice de mortalidade infantil, fundamentalmente de 0-4 anos, está fortemente correlacionado co índice de natalidade bruto e tamén, aínda que un menor grau coa atención prenatal ou perinatal. As implicacións deste indicador, dentro do noso contexto social, son incalculábeis.

Ainda que, evidentemente, o efectivo da poboación en todas as sociedades ven determinado polos factores que afectan a natalidade e a mortalidade, astra tempos moi recentes, no caso dos pobos colonizados, o criterio economicista, en base os conceptos de poboación óptima, standar de vida, overpopulation, renta por persoa, etc., foron levados a conclusións tan lóxicas como absurdas. As conclusións foron más ou menos estas: un descenso excesivamente perigoso e prolongado no índice de natalidade e como consecuencia unha millora proporcional no índice de mortalidade, debido a posibilidade de concentrar os esforzos da familia, que non do estado, a menter a prole. Hai que decir que antes deste tipo de planificacións, as sociedades primitivas non se reproducían sen ningún tipo de control. Evidentemente todos os mamíferos incluída a especie humana presentan unha estratéxia reprodutiva en relación fundamentalmente cos recursos. Certamente hai moito alarmismo e quizais fanatismo no que se refire a o control da poboación, e tamén non e menos certo que as nacións e pobos que por diversas causas chegaron a índices alarmantes de descenso da natalidade teñen agora que fomentar a política natalista. As contradicións que se amosan son moi importantes, sen que amosen a sua vez solucións axeitadas. Pero este é unha mataría de grande trascendencia que trataremos máis adiante.

A miúdo pode lerse na literatura especializada, en base a potencialidade humana da infancia, que a saúde é un capital trasmisible, invertir en saúde é rentável, etc., o que non deixa de ser motivo de perplexidade as vellas. Nembargantes cando estas formulacións se fan para demandar do goberno colonialista capitalista, a satisfacción

Ilustración: XULIO MASIDE



de necesidades flagrantes, isto xa non é unha simple inxenuidade e o análisis faise preciso. Non hai que olvidar que nunha estrutura colonial, as planificacións e prestacións amosan ser progresivas en relación coas necesidades produtivas e de consumo e tamén co despegue potencial do individuo eu do grupo, de maneira que, neste senso, non sería de máis decir que a infancia, como etapa de desenvolvemento da vida, non tería significado por si mesma, senón en

función da madurez produtiva, da que evidentemente, sería unha etapa preparatória.

Esta craro que esta maneira de contemplar a infancia e mesmo o individuo, está moi lonxe da consideración humanística básica que amosa a antropoloxía filosófica do marxismo, na que a felicidade do home, como ente singular en todas as etapas do seu desenvolvemento igualitariamente solidárias e en todas as suas relacóns coa realidade social, é de por si o elemento principal.

TASA DE MORTALIDADE INFANTIL por 1.000 nados vivos

PAÍS	1970	1977	1978
Suecia	---	8,0	7,7
Holanda	---	9,5	9,5
Francia	---	11,4	10,6
EE.UU.	---	14,1	13,6
R. D. Alemana	---	13,1	13,2
Alemania Occidental	---	15,5	14,7
ESPAÑA	28,1	15,6	15,1
Italia	---	17,6	16,0
Grecia	---	20,3	18,8
CATALUÑA	20,3	---	15,46
GALICIA	35,9	---	25,29

Fonte: Elaboración propia con datos de Demographic Yearbook 1977 (1978), Statistical Papers U.N. 1979 e I.N.E. Anuario Estadístico 1979.

Unha ollada rápida a este cuadro comparativo amosa a dura realidade que se cerne sobre da nosa infancia. Hai evidentemente un descenso da mortalidade infantil na derradeira década, pero se estas cifras se cotexan cos índices de natalidade e fácil concluir que aquela débese a esta más que a ningún outro factor. Digamos tamén que un índice de natalidade de 14,66 por 1.000 habitantes para o ano 1978 inferior a media do Estado (17,06) amosa a grave problemática demográfica do noso pobo.

Se acaso os nosos nenos que por lei de vida escomenzan como todos a "consumir" perto de nacer, tardan máis que os outros en escomenzar a producir?

En canto á morbilidade, suscitanse moi parellas reflexións.

da terra asoballada

A ASOCIACION CULTURAL “TERRA DE MELIDE” REXEITA O DECRETO DE BILINGUISMO

“A asociación cultural ‘Terra de Melide’, quer manifestar diante da opinión pública galega o seu total rexeitamento do real decreto de bilingüismo 1981/1979 de 20 de xullo.

Consideramos que dito decreto constitui un novo atentado contra o noso idioma e normalización da cultura nacional, xa que baixo un cariz falsamente democrático o único que tenta é legalizar o asoballamento idiomático e cultural que padece a nosa terra, ao través da legalización dunha engañosa situación de desculturización e desgaleguización na que viven a maior parte das xentes da nosa Nación, vítimas dun proceso ditatorial e colonial, e totalmente antidemocrático que sofrimos dende hai séculos, e que pretendeu e pretende a imposición dun idioma e dunha cultura totalmente alleas a nosa realidade, e que aparecen dianante dos ollos do pobo como o idioma e a cultura verdadeira, o cal é totalmente acientífico e irracional.

O que pretende o real decreto é poñer nás mans dos países de alumnos, que evidentemente sufren o proceso de colonización idiomática-cultural no que está marginado o pobo, identificando a nosa lingua como lingua inferior e acultural (língua probe, de andar pola casa, de

escravos, etc.), a decisión da incorporación do noso idioma ao ensino, co que se legaliza a situación antidemocrática actual, o que convén a afortunamento da situación diglósica e de inferioridade con respecto ao español, que volvelemos (e senón véxase a represión doente contra numerosos profesores que imparten as clases en galego).

En canto ao galego en sí queda reducido ao papel de mera asignatura optativa, case que de asignatura “maría”; por unha banda quen teñen a potestade de decidir son os pais, por outra banda é ridículo o número de horas asignadas en comparanza co español (5 horas) e con calquera outra asignatura.

No referente ao material, o artigo 7, deixa entrever que en Galicia nunca haberá ensino con contidos galegos, xa que so contempla unha mera tradución dos textos que xa hai hoxe en castelán, e nos que se soe falar de temas alleos a nosa realidade. Así mesmo compro sinalar, que tanto en Formación Profesional de segundo grado como en Bacharelato non se contempla para nada o ensino en galego.

Con respecto aos fillos dos emigrantes, sendo galegos falantes na sua maioria, son totalmente discriminados polo referente decreto, xa que ningún párrafo se refire a eles.

E decir, este real decreto non só non sirve para a normalización do noso idioma no ensino, senón que constituye un atranco

gravísimo para o normal desenvolvemento do noso idioma e cultura nacionais. Por dito motivo facemos un chamamento a todos os sectores concienciados para que na práctica rexeiten e espliquen o contido real e demagóxico que ten dito decreto. **ASOCIACION CULTURAL “TERRA DE MELIDE”**

Sr. Director de “A NOSA TERRA”, escríbolle para poñelle no seu coñecemento os recentes feitos que me ocurrieron co “EL IDEAL GALLEGO”. Mándolle fotocopia da carta enviada por mi ao periódico, e o “reportaxe” aparecido no mesmo.

Quero aclararlle que tal anónimo só existiu na mente do director do “Ideal”, pois anque a carta ia firmada a man, no remite do sobre constaba o meu nome e dirección, e a min, ao recibir unha carta, o primeiro que se me ocorre é mirar de quién chega.

Observe tamén que na misma sección se dá entrada a outra carta de signo ideolóxico ben contrario...

PALABRAS DE UN TEMPO

Sen retórica, breves e ao noso. Non pertenezco nem pertenezco a ningún partido político, pero fíreme a verdade, tocáme no máis fondo.

Na sua edición do Martes dia 11 reproducía “El Ideal Gallego” un comentario de “La Hoja del Lunes” en el que atacaba claramente ao alcalde coruñés, chegando a decir del “que demuestra tener un bajo coeficiente mental”.

A min, Srs. prodúcenme voitos “los bajos coeficientes morais. No epígrafe do partidista ataque líase. “A Prensa non goberna, informa. Estou en desacordo total con esta absurda afirmación. Se a cultura, a intelixéncia, a base do individuo estivesen por arriba das informacións periodísticas, a prensa só faría informar, pero nas circunstancias da sociedade Española, a prensa gobierna más que informa.

Non coñeo ao alcalde coruñés, pero considéro unha persoa honrada, quizais un dos poucos ediles con tal atributo dende o ano 36, e con iso, no senso moralizador, chégame.

Que esté atado económicoamente dende Madrid, dende este xogo “Franquista” que non deixou de gobernar, dende esta deficiente democracia, é outra cosa.

Non quero acabar esta carta

Mas y diabólicas provocaciones, la Policía provocada disparó y mató...

ANONIMA DEFENSA DEL ALCALDE

Hemos recibido una carta con una firma no totalmente legible, en la que parece adivinarse el nombre de Javier Blas, y un número del carné de identidad. La verdad es que, con vistas a una autenticación de nuestros remitentes, nos resulta más útil que nos señalen un teléfono o una dirección, con el nombre bien claro, en lugar del número del carné de identidad, ya que, al fin y al cabo, no disponemos de los archivos de la Dirección General de Seguridad para comprobar la autenticidad de ese dato.

En la carta del presunto Javier Blas, se defiende al alcalde de La Coruña, Domingo Merino, de lo que considera duros ataques vertidos en un editorial de “Hoja del Lunes”, que reprodujo EL IDEAL GALLEGO. Entre otras cosas, dice: “No conozco al alcalde coruñés, pero lo considero una persona honrada, quizás uno de los pocos ediles con tal atavío dende el año 36, y con eso, en sentido moralizador, me basta. Que este atajo económico desde Madrid, desde este juego “franquista” que no dejó de gobernar, desde esta deficiente democracia, es otra cosa...”

EL IDEAL GALLEGO, estamos dispuestos a publicar cualquier carta en favor del señor Merino se nos remitan, siempre y cuando podamos identificar a sus autores. No creemos que, para expresar unas opiniones favorables al alcalde, sea necesario hacerlo desde el anonimato.

da arte e dos xeitos

O COMBARRIZO, UNHA CONSTRUCIÓN PARELLA A CASA RURAL

A casa galega rural cando tiña varias dependencias para os propietarios e mais para os xornaleiros, cortes, almacens, talleres e grandes terras labrados, soutos, viñas, etc. recibía o nome de quinta ou quintana. Pola contra cando se reunían algúns vivendas mais no lugar reconócese como casal, xa a maior amplitude podía ser aldea. Outra destas subunidades de cultivadores ou mariñeiro era o vilar, herdo da vila romana, conxunto de terras ou propiedades rexidas por unha vivenda e diferenciada da quinta polo poder económico e se se quere tamén pola casta e polo rango, o mesmo que o pazo. Pola contra o vicus romano non era mais que un barrio de servos, xornaleiros que nen tan siquer cheban a caseiros.

Pois é neste conxunto de nucleos antigos nos que descubriremos esa enxebre construción que recibe o nome de combarrizo, ainda que tamén se lle pode chamar tanada ou alpendre.

O combarrizo unha gran e sinxela construción, erguida dende as paredes da casa, no patio e a beira dos grandes postigos, que se bota lanza sobre dous esteos ou columnas de base cuadrangular, feitas con cachote miudo. Seu tellado a duas vertentes cobresa de colmo, de palla e nas casas más ricas de tella ou pizarra. Lugar feito para gardar o que lle cobra, a ferramenta de traballo, arado, as escadas, a leña, para poñer os tendais de roupa nos días de chuvia, para gardar os tralambois de pesca ou para almacenar a alga seca nas terras de mor, e tamén para meter o carro canón non ten o seu alpendre... agora metese o coche. Velai como os combarrizos adaptaronse para las-



raxes, tapiaronelle as suas amplas e ventiladas aberturas astra perder a vella e significada fisonomía.

coa grandeza das fincas, das lleitas e do gando. Canta inari quiza hai, meirande e o combrizo.

Sua traza arquitectónica esplanase en Galicia por igual. Tan ben o vemos na beiramar bergantín como nas terras da montaña, e sempre o seu uso sera común de almacen para gardar o que a toxo, o carro ou a dorna se ven ao caso, os angazos... as sargas, as gadañas, as candas... todo o variado instrumental que require o traballo rural.

Construcción popular en elvino como moitas outras, enseñanza de traballo e de fartura labrada e marinera, viñeronse abajo, e bruzaronse no chao comedas pola ruina, perda irreparable. Tan siquier, como nalgún caso que se deixen mudar os esteos polo ferro o polo cemento e no tellado a uralita... Son os cativos remedios caillados nun tempo de debilidade.

Por M. Hortas Vilanova

andando a terra

A CASA CONSISTORIAL

DE VIVEIRO

A cidade de Viveiro, nas Mariñas Luguesas, foi unha verdadeira maravilla. Ainda o é en boa parte. As brutales e irracionales agresions que sufriu e esta sufrindo venen de anos atrás e cada dia vanse acentuando e perfeccionando mais. Primeiro foron os "señoritos" de Lugo que, co seu gusto de colonizadores, comenzaron a erguer chalets a veira do mar. Algunhos deles semellan tartas francesas, dun florido rococó esmendellante que mete medo. Acaeu tan ben na paisaxe viveirense como lle acai a canga a porca.

A segunda agresion chegou mesmamente da man dos especuladores do chao. Fixeron unhas edificios disformes e feos dunha outura que mete medo. Ollado Viveiro dende Cobas semella un New York en pequeno, salva sea la parte e perdoando o xeito de

sinalar. Esta especulación irracional agravouse coa chegada dos señores de Alumina Aluminio e da Central Nuclear de Xove.

A causa chega tan a maiores que xa cegaron parte da ría, des tragando un criadeiro natural de marisco de moi boa calidade e edificando sobor do que un dia foi ría. O que queda de ría non vai durar moito, maiormente a parte comprnedida entre a Ponte da Misericordia e a ponte que ergueron pra que pasara sobor dela o ferrocarril Gijón - Ferrol que, por certo descarrila cunha frecuencia periodica. Dispuxeron os señores inxenieros ou quen foras duas pontes de tal xeito que os seus ollos non estan unhos en frente de outros, de tal sorte que as mareas non poden penetrar no foz do Landrove ou Landro como o bautizou pra sempre o poeta D. Nicomedes Pastor. Así que, sin mareas, a porción de ría comprendida entre as pontes está condenada a morte, si os de Viveiro non a indultan.



E disparate tras disparate citámos o da Casa Consistorial. En "El Progreso", de Lugo do dia 27 de febreiro, este servidor lleu, alterado e alporizado, que iban a derrubar a vella casa do Concello de Viveiro, moi fermosa e proporcionada, de cantería, coroada polo escudo da cidade, debaixo do que hai un gracioso relo de sol. Engado especial ten o halcon corrido do primeiro piso, donde o que o gran escritor do galeguista viviense Anton Vilar Pónte

arendou os de Viveiro o día da proclamación da II República Hespañola. O edificio, o ben visto, é do século XVIII. Suponemos que foi tamén o balcón do axuntamento o lugar que elexiu Xan de Iza pra dirixirse os vivienses sulevados polos impostos, no século pasado. Tanto e así que houbo que empregar a tropa pra reducir os amotinados. E, lo que son as cousas! anos andados, Xan de Iza, caporal da revolta popular, rematou sendo recaudador de impostos.

As razos, que calqueirá pode ler no xornal citado, pra derrubar tan fermeza e interesante peza arquitectónica, son: "Caseron absolutamente inservible para las necesidades mínimas de una ciudad de la categoría de Vivero". Ahí queda eso. Tirando o edificio actual, coñocese que o solar vai agrandar. Ou cecais teñan pensado facer unha torre de cincocentos ou seiscientos andares pra meter nela a todos os vecinos de Viveiro. O lugar no que está elempla-

zado non admite más ou da que ten, a non ser que se derrixe a armonía da Praza, unha das más logradas e fermosas de Galicia.

E esa Junta de UCD, que está en Santiago e que algunos chaman de Galicia, sin enterarse. Nin elas nin a conselleiría de Cultura

O edificio da Casa Consistorial de Viveiro, non é exclusivo da Corporación Municipal da cidade e dos vecíños e patrimonio artístico-cultural do povo galego. Por eso non se pode dispor de asi como así.

Pidolle dende elqui os meus amigos de Viveiro -os de "Semestreira", a Pilar Delgado, a Xulía Canoura, a Paco Luis R. Guerreiro, a tantos outros, a todos los galegos que loiten polo edificio da sua casa consistorial. Nin Viveiro nin Galicia poden consentir mais espolios do seu patrimonio artístico. Que fagan a nova casa Consistorial en Madrid, si lles parece ben. Pro que respeten o que hai que respetar.

arredor de nós

DOS RATOS E RATAS

Pornos a falar destes animais en xeral, é coma quen fala dos páxaros, ou as volvorestas... pois son moitas as especies que hai, e mesmo alguns animais que se dan por tais e non o son, como por exemplo as cortas ou furóns e ríolos.

Atopamolos dentro da orde dos rilladores ou roedores, caracterizados por dispôr na sua dentición dun par de incisivos superiores que medran arredor, carecendo de caninos, adaptándose deste xeito a rillalo todo, sendo en xeral omnívoros pois uns andan as sementes, froitos, insectos, ou calquera cousa que podan atopar ao seu paso, como no caso dos ratos e ratas das cidades.

Se ben dentro dos rilladores atopamos ríolos, lúrias, ratos

pataqueiros, ratos do monte, etc., non todos eles pertenecen ao grupo dos que imos falar aquí.

Vamos falar por tanto sómente dos ratos e ratas das cidades, animais que están perto de nos, dándose por seguro que por cada persona habitan un grande número de ratos, polo que realmente se non fose porque nos deixamos ver más ca eles, podríamos decir que o home vive entre os ratos, e non os ratos entre nós.

Estes ratos e ratas, de actividade mais ben nocturna, escoitámos ás veces a correr polo faiado ou entre as paredes, mentres outros habitán máis abundantemente nas alcantarillas e rochas da beiramar dos nucleos de poboación.

Se ben hai rilladores que pre-



sentan un letargo invernal, non é

este o caso dos ratos e ratas, pois teñen grande actividad todo o ano. O potencial reprodutor é considerábel pois teñen astra dezñadas por ano, segundo as especies, podendo chegar a dezaseis

crias por niñada.

Dixemos que son omnívoros, e é ben coñecida a capacidade destrutora que presentan. Curiosamente vanse adaptando e especializando aos novos materiais

cables, cañerías de plástico e case que se.

A maior parte das veces resultan repulsivos, estando ligado isto ao sitio onde habitan, ao xeito de vivir que deles ollamos, pois non sería o mesmo o dar con eles no campo onde tamén se poden achar, que nunha cloaca de cidade. Por todo isto, por ser transmisores de enfermedades e por causar grandes destrozos, son perseguidos, disponéndose moitas veces terribellos e cepos para lles dar "morte ou captura", pero seguen a proliferar.

Total, que de aquí a pouco lerase mais a miúdo nos diarios aquela nova de que os ratos de non sei que tamaño atacan aos homes polo que houbo que ir cazalos. Magoa que non se poñan de moda os abrigos de pel de ta-

ACTOS

...Y era Poe, Poe, Poe.....
Poe haciendo ruidos en el agua...

Eramos dous afortunados que conseguiron facerse lugar entre a xente que acugulaba a galería Sargadelos cando o recital de Carlos Oroza, americano.

Unha envolvente iluminación de roxos, amarelos e brancos, xunto con unha atmósfera de incenso acentuaba o feitizo da palabra nun dos poetas que mellor saben decir, dos que nunca vimos.

Carlos Oroza é sen dúbida o más rico exponente dunha poesía e dunha xeración moitas veces clasificada como marxinal, maldita, airada, beat, qué sei eu cántos intentos de reducir á norma algo tan fora de clasificacións como a palabra de Oroza....

Moitas veces teño pensado que este home naceu en Viveiro por puro accidente. Pode que tiver máis lóxica unha prodedencia americana, unha orixe de negro disfrazado de chino, de opiómano irredento, pero tampouco se trata de intentar codificar a posibilidade. Estou convencido de que a riqueza da sua palabra, da sua mesma persoalidade, está na mestura de xeitos que converxen nunha obra e nunha actitude vital insólita, subversiva, caótica e, ao tempo, fondamente humana, limpia, solidaria.

Foron tres os poemas que recitou, se é que selle pode chamar recitado á dicción dun poema que envolve, penetra, fuxé, volve de novo e aparva, fire, bulle, na médula e escapa cando a luz se alconde: AMERICA, MALU e EL EDIFICIO DEL FRIO. Os tres, verdadeiros rosarios, cadaíñas lúdicas onde a palabra terá máis

orza fonética que semántica onde a alucinación, o caos conscientemente creado e arrequentado deixa paso a un repentino apagón de sombras onde o insólito é a contradicción: Solprén-deuse un de que a impresión está na chegada da escuridade racional, afeitos a unha luz caótica, a un barullo de "animales amarillos, ingravidos, ernesto"....

Unha perfecta entonación, unha memoria recitativa prodixiosa, unha extremada perfección en amarrar o ar coa alteración, en expeler a palabra coa boca e coas mans, fan da poesía de Carlos Oroza unha introspección crítica cara adentro, un encontro vital coa caótica sensación de estarmos absortos diante da rutina, do programa, do tempo.

Asistir a un recital de Carlos Oroza deberá ser unha terapéutica necesaria, algo así como mirarnos no espello pechando os ollos: a cantidade de sombras que temos entre nós e a nosa imaxe....

A. Mejuto

MUSICA

MELCHOR LOPEZ (1760-1822)
MESTRE DE CAPELA DA
CATEDRAL DE SANTIAGO,
POLA ORQUESTA DE
SANTIAGO E CORO
UNIVERSITARIO.

Organizado polo vicerrectorado de Extensión universitaria da Universidade de Santiago, o dia 14 de Febreiro de 1.980 celebrouse o concerto que en principio estaba programado para o 28 de xaneiro, festividáde de Santo Tomás, e que o rector aplazara, parece que por temos a un boicot —pola banda dos simpáticos protagonistas que a-

quelha misma mañá no acto da investitura "Doctor Honoris causa" se creiran os héroes da progresía ao lle faltar ao respeto aos investidos. O caso é que finalmente celebrouse o concerto, como queda dito, o dia 14. No programa constaban dous "villancicos" de Melchor López e más a Romanza en Fa maior para violin e orquesta Op. 50 de Beethoven. Esta non se pudo ofrecer para violin por indisposición da solista; interpretouno a Orquesta de Santiago e más polo Coro Universitario, todos baixo da dirección de Joam Trillo, tendo preparado o coro o seu director, Maximino Zumalave.

Melchor López, como ben decían as notas do programa, é un dos mestres de capela da Catedral de Santiago más importantes de toda a sua historia. Para Galicia, é a pesares de non ser gallego de nacemento —eso sí, botou 40 anos, as duas terceiras partes da sua vida, no noso país— tenha unha especial significación. El foi o primeiro da Edade Contemporánea que, ainda que non fora más que en moi contadas ocasións, escribiu música sobre de textos en gallego. A música, nem-bargantes, é moitas veces de inspiración popular, cando non son os temas tomados do folklore gallego. Nos dous "villancicos" ofrecidos neste concerto topámonos con estas duas características. O primeiro deles —"Pastores que al portal habeis venido" (Recitado e más Aria), para tenor e más orquesta— leva o texto en castelán, pro xa a ária contén un ar de muiñeira, e o tema da coda é un tema popular gallego. O segundo —"Esos mozos del campo", para sóis, dous coros e más orquesta— de meirandes dimensións, é unha tesón entre catro campesinos: un castelán, un asturiano, un portugués e máis

un galego— elementos das xerografías más perto da Nosa Terra, e, xa que logo, más familiares aos fideis destinatários da música—. Cada un na sua lingua ofrécelle ao Neno a sua cantiga. O xuez, o coro, decide a favor do fermoso canto de berce que lle adica o galego ao Neno recién nacido.

Debo anotar que unha das cousas que más me chamou a atención —deixo por descontado que a música de Melchor López é de impecábel factura— é o perfeito axeitamento das obras ao público que ían dirixidas. Melchor López consigue, sen facer concesións técnicas ou formais, —por exemplo, a ária do primeiro "villancico" é un rondó—, escribir unha música delectosamente inxénua, naturalmente sobre de textos acaídos, que consigue conectar, comunicar de inmediato co público. E lóxico que o compositor se esforzara en lles dar ás suas obras esta característica de rápida asimilabilidade: pensemos que non se facía máis ca unha única audición de cada obra, precisamente na data para a que estaba destinada. Así, por exemplo, estes "villancicos" non foron interpretados máis que no Nadal de 1.786 e 1.790 cadansúa. Para os anos seguintes, o mestre de capela debía escribir nova música.

E por eso que a laboura de revivir estas obras non pode ser más ca encomiábel. Significa —tanto a música de Melchor López como a dos principais mestres de capela de Santiago e das demais catedrais gallegas— recobrar un capítulo da historia da música gallega, un capítulo da historia da nosa cultura, da nosa Historia, por tanto. O pioneiro desta laboura é indudablemente

o noso musicólogo Xosé López-Cafío. Nonstante o artífice do espolamento da música de Melchor López é indudablemente Joam Trillo. Dábensele a el as transcripcións das partituras deste autor e estudio das mesmas, así como a sua interpretación pública.

Polo que respecta á laboura dos intérpretes, direi o seguinte. A Orquestra de Santiago é unha entidade que, a pesares do recén da sua fundación (o ano 78), e a pesares da probeza dos seus medios, tén unha sonoridade aceptabilísima. Esta Orquesta pode chegar a ser, de continuare por estes vieiros, un dos instrumentos da culturización musical do noso país. A existéncia desta orquesta e a calidade acreditada dábensele ao seu director, Joam Trillo. Non se pode máis que chamar ao director e orquesta, a continuaren por este camiño.

O Coro Universitario, de formación máis recén ainda (!)—data do 79—, é tamén unha entidade musical a ter en conta no noso país. Que exista unha agrupación musical semellante é xa algo moi positivo. Compre, nem-bargantes, correxir —á miña opinión— os desaxustes, a insecuridade das entradas, as eivas na respiración, amén de mellorar a emisión da voz e o empaste xeral.

O concerto do dia 14 é un exemplo de como, se as vontades individuais se xunguen, pódese facer en Galicia música gallega, recobrando os nosos tesouros esquecidos— cando non son estrenos de nobeis ou consagrados compositores gallegos—, interpretada por músicos e agrupacións musicais gallegas.

MARGARITA SOTO VISO

AXENDA

ACTOS

A GALICIA FRENTA AO MERCADO COMÚN, REPRECUSIÓNS PARA A ECONOMÍA GALEGA, por Xaviér Olariaga e mais Francisco Constenla, profesores da Facultade de Económicas de Santiago. Dia 21, as 7.30 do serán, no auditorio da Caixa de Aforros. Dentro do ciclo que sobre "Problemas económicos e xurídicos de Galicia" organizan os "Arniños da Cultura". PONTEVEDRA.

PINTURA E CARICATURA GALEGAS CONTEMPORÁNEAS, a cargo de María Luisa Sobrino. Dia 21, as 5 da tarde. Dentro do ciclo de conferencias sobre Historia e Arte galegas organiza ERGA da Facultade de Historia. SANTIAGO.

ORGANIZADO EN SANTIAGO POLA ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓGICA GALEGA CURSO DE TÉCNICAS DE ANÁLISE TEXTUAL POLO PROFESOR DA UNIVERSIDADE DE COIMBRA, CARLOS REIS.

A Asociación Sócio-Pedagógica Galega organiza un curso intensivo de técnicas de análise textual sobre de textos da literatura galega a impartir polo profesor da Universidade de Coimbra Carlos Reis, autor de diversos libros sobre a matéria:

"Estatuto e perspectivas do narrador na ficción de Eça de Queirós".

"O tempo en dous romances do Carlos de Oliveira."

"Introducción á lectura d'Os Maias".

"Técnicas de análise textual".

"Uma abella na chuva. Ensaio de análise semiótica".

"Comentario de textos", e multitud de artigos en diversas revistas. Este curso-coñecemento está especialmente adicado ao profesorado de todos os niveis educativos que están interesados en perfeccionar os seus conocimentos nas técnicas do comentario de textos. Desenvolverse o venres 21 de marzo de 19 a 22 horas e o sábado 22 de 10 a 14 e de 16 a 20 en Santiago. O lugar anunciarase oportunamente, está solicitada aula nunha Facultade da Universidade.

Todas as persoas que quieran tomar parte no curso poden formalizar a sua matrícula nas seguintes librerías: Santiago, Couceiro, Coruña, Lume, Ferrol, Helios, Pontevedra, "El Pueblo", Vigo, Castelao, Lugo, Souto e en Ourense, Ronse.

O precio de matrícula é de 500 pts. Os socios da AS-PG teñen unha bonificación do 50 por 100.

A AS-PG concederá diploma a todos os participantes matriculados que asistan.

MOSTRAS

MARUJA MALLO. Oleos e litografías. Astra o 14, Saaraneja "Torques". Rúa da Rosa. SANTIAGO.

FERNANDO E NACHO PORTO. Cerámica. Astra o 25. "O Paraíso Perdido". SANTIAGO.

HIPOLITO GEADA. Pinturas. Parqueo da Diputación. LUGO.



ANTONIO TENREIRO
Obra íntima
Galería Sargadelos
Zurbano, 46 — Madrid
Do 3 ao 18 de marzo de 1980

CONCURSOS

VIII CONCURSO DE OBRAS TEATRAIS "ABRENTE". Para obras inéditas en gallego. Remesar quintuplicado, na compañía dun sobre pechado co "lema" empregado polo autor forra, e nome, apelidos e enderezo dentro, todo dirixido a Agrupación Cultural "Abrente", Rúa Oliveira, 2. RIBADAVIA. O premio sera un, de 100.000 pts., indivisibel. A admision

dos orixinais pecharase o 15 de abril, tendose dado a coñecer publicamente ao jurado o día 11 de maio desse mes. O fallo farase público o Dia das Letras Galegas, dandosele a coñecer ao autor e espallándose polos medios de comunicación.

NOTA.—Agas indicación expresada do autor, poranxe a disposición dos Grupos de Teatro que o soliciten as obras participantes. O Xurado poderá facer as mencions que considere, con dereito a abrir as réplicas correspondentes. E "Abrente" procedera a fotocopiar esas obras, co fin de las pasar aos grupos que as pidan.

PREMIO DE POESÍA "CIUDAD DE ORENSE". Convocado polo axuntamento de Ourense co gallo das Festas do Corpus. Para traballos orixinais e inéditos en gallego, de tema libre e dun mínimo de cinco centos versos. Deberán ir mecanografiados a dobre espacio, en folhas tamaño folio, escritos por unha cara e por triplicado. As obras irán baixo lema, coa indicación "Para o premio de poesía "Ciudad de Orense", e en sobre aparte, pechado e lacrado, irá o nome, apelidos e enderezo do autor. O prazo de presentación acada as 12 h. do 30 de abril, e a entrega será no Negociado de Cultura do Axuntamento de Ourense, ben directamente ou por correo certificado, incluíndo no sobre a indicación "Para o concurso de poesía "Ciudad de Orense". O premio entregaráse na semana das Festas do Corpus, en hora e dia a fixar. O premio, que se poderá declarar desierto, sera de 25.000 pts. e a publicación do libro. A publicación da primeira edición correrá por conta do axuntamento, entregandoselle un

número de exemplares ao autor; que ao tempo quedara en liberdade de facer por si propio todas as reedições que lle parezcan.

CINE

LUA DE PAPEL, de Peter Bogdanovich. Dia 14, no Cine Avenida, ás 20.30 da noite. Cine-club MARIN. "LAS DOCE SILLAS", de T.G. Alea (Cuba). Co corto "HASTA LA VICTORIA SIEMPRE". Dia 14, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijoo". OURENSE.

FARREBIQUE, de G. Rouquier. Ciclo "Resistencia francesa antifascista". Dia 18, na Casa da Cultura. Cine-club "Padre Feijoo". OURENSE.

TEATRO

"VENTURAS E DESVENTURAS DUM TAL PATRANHAS", pola compañía profesional portuguesa T.E.A.R. dirixida por Castro Guedes. Dia 14, as 22.30, dia 15, as 20.30 e 22.30, e dia 16, as 20.30 e 22.30. Na "Sala Carral", do Círculo Ourense-Vigues. VIGO.

O CAZADOR DE PERDICES, pola compañía teatral galega "Pequeno Obradoiro", dirixida por Xosé Lorenzo. Na Sala Carral, os días 20, 21, 22 e 23, as 22.30 h. e para todos os públicos. VIGO.

PUBLICACIONES

CARRUMEIRO num. 1 do Periódico escolar do Colexio "Eugenio López" de CEE.

curso de língua

X.M.DOBARRO PAZ
M.P.GARCIA NEGRO

Dazasete

CASTELAO, Sempre en Galiza (I)

Iniciamos boxeo o ciclo dedicado a Castelao (1886-1950), ao que comentaremos durante varias semanas. Non sabemos se a selección que fagamos da sua obra artística, narrativa, dramática e ensaística dará unha pequena idea de todo o que significou para a nosa nación o labor deste home decisivo na nosa evolución política e cultural.

Os que o conoceron e trataron a fondo danno testemuño da sua calidade humana, da sua cordialidade e xenerosidade e, ainda mais, da luz que proyecta-

ban os seus ditos e os seus feitos. Como nos di Marcial Fernández, "...sempre encontramos claridade nel, unha claridade tan completa e tan ben organizada que, por sobre todas as diferencias de temperamento e de visión que se tivesen con el, envolvía a un nubio sensación de luminosidade".

Temos que ter en conta que, ao falarmos de Castelao (como, en xeral, de calquera escritor, o que acontece con Castelao é que cultivo múltiples facetas artísticas), sería vao e artificioso falso, por tanto illar o escritor ou o artista do home político, isto é, comprometido co seu pobo e coa súa nación. Castelao foi un exemplo de coerencia durante toda a súa vida desde que se achegou ao incipiente movimiento nacionalista de entón ("Irmandades da Fala"). O Castelao anterior (estudante en Santiago, médico en Rianxo, redactor de "El barbero municipal"...) e relevante unicamente como unha etapa no camiño da precura da súa identidade. Unha vez instalado, Castelao non desertaría nunca. Onde

outros so insinuaron un camifio, el profundou cando outros se refuxiaron na súa torre de almafi individualista, Castelao foi sempre un lóitador solidario coa súa xente, se outros fícamon nun dilettantismo culturalista, isto é, querendo sempre separar o labor cultural do político, Castelao foi sempre consciente de que a única arte valiosa é a que, en cada momento, reflexa a realidade social que rodea e non a individual do artista. De aí que fose o único artista dos, membros da súa xeneración coñecido a nivel popular.

Isto non é un fenómeno casual, porque Castelao xa nas súas primeiras estampas, capta perfeitamente o decorrer da vida dos homes e das mulleres das clases populares galegas, dunha maneira consciente, como nos ilustra nas súas propias consideracións sobre a arte e a súa función: "... o pintor que ao mesmo tempo sexa artista non pode de ningunha maneira faguer obras de Arte se non chega ao miolo das cousas... Falando dos pintores, non abonda que sepan ollar as cousas, é preciso que as sintan, que as queíran ou que as odien; pero que teñan das cousas escollidas por eles o coñecemento entero da súa vida, da súa i-

ma" ("Arte e galeguismo", 1919).

E é que Castelao non se limitou a exhibir as súas habilidades artísticas, senón que tamén procurou apoialas solidamente nun modelo do que debe ser a arte: "nun debe ser o ideal nin a realidade, senón a verdade" ("Cubismo", 1922). E tiña ademais unha idea moi clara do que debía ser a arte galega: "O porvir do arte galego non está en traer de fora un estilo novo, senón en crear, nós mesmos, o noso estilo".

Non pode haber arte nacional galega se non é popular, porque popular é o selo que levan ao longo da nosa peculiar historia todas as producções artísticas. O peculiar non se opon a universal, porque precisamente Castelao desfai o mito da universalidade, tan en boga naquel tempo e hoxe mesmo, como sinónimo de calidade. "Moito se fala do arte universal; mais todo Arte ten a súa patria, todo Arte é fruto da súa terra", o que supón entender o universal como expresión en primeiro lugar do nacional. E é tamén moi lucida a súa visión do que non debe ser a orixinalidade, que "...non pode fanarlle ao Arte a súa función social" ("Arte e galeguismo, 1919).

Botemos unha ollada a súa producción artística:

1931. Publica o álbum **Nos**, que recolle as estampas que realizara entre 1916 e 1918 e espuxera en varias ocasións a partir de 1919 e coas que pretendeu, entre outras cousas, "...desacougar a todos os licenciados da Universidade (armas de cría do caciquismo, a todos os homes que vivían do favor oficial,...)". Neste mesmo ano tamén publica **Cincoenta homes por dez reas**. "Para calificar os homes abonda un intre da súa vida, i eu collo intres da vida dos homes e non os califico, porque na calificación dos meus homes está o voso xogo".

1937. **Galicia mártir e Atila en Galicia**, álbunes de guerra.

1938. **Milicianos**, tamén álbum de guerra. (Cita de Atila...).

1939. **Dibuxos de negros**, feitos en New York, no seu exilio definitivo.

Chamemos unicamente a atención, no capítulo lingüístico, sobre o uso correcto do adjetivo **derradeiro**, que aparece na tráxica estampa de **Galicia mártir. Derradeiro** non é sinónimo total de **último; derradeiro** e o que vai detrás, o último de todo, depois do derradeiro xa non hai nada, como vemos claramente na imaxe.



*Moitas veces os mártires
crean mundos que os
herois nin tansiquera son
capaces de concebir. E
na miña Terra complira-
se a vontade dos mártires.*

Castelao

Valencia, xullo de 1937



CARTAS E PASATEMPOS

LLACH EN GALICIA. SOBOR DAS APRECIACIONES DE XOAN M. CARREIRA

Paréceme mo ben que Xoan M. Carreira critique a actuación dun músico: é, ademais do seu deber, o seu traballo; o que non me parece xa tan axeitado é que arremete contra del basándose nesa mesma actuación, ou mellor, nalguns aspectos dela ao meu parecer non tan evidentes como di notar.

¿Ou é que nos discos "Viatge a Itaca", "Campanadas a mort", "Com un arbre nu", "Barcelona Géner 76", ... "Lluís Llach desafina, non mide, canta mal, non sabe tocar os instrumentos nos que interpreta, etc., etc.? Por esta vez, Carreira confundiu o touciño coa velocidade ou o que é o mesmo, a Lluís Llach con Miro Cabella.

Mais non bastaba o arremate con alevosía no aspecto, digamos, técnico-interpretativo. Ademais diso "todas as cancións son igualiñas unhas ás outras e todas presentan unhas melodías simplonas(...), unhas armonizaciones que de puro facilones rondan o esquemático, o resultado final é un producto que ... de puro cursi podería facer enfermar de envexa ao mesmísimo Armando Manzanero e non digamos aos seus émulos" — a como o ven; e non pense o lector que estou citando parte da critica fora do contexto xeral, más ben este tipo de afirmacións son o más xenúino dela. Agora Carreira quería convencer a todos de que "Irene", "Laura", "Com un arbre nu", "El bandoler", "A cavall del vent", "Jo se", "La poesía dels teus ulls", e un longuísimo traballo de computadora. Pero, ao mellor, resulta que non é Llach o

que compón as melodías e armoniza as cancións que interpreta senón que é o mesmísimo Armando Manzanero acompañado de Torrebruno como arranjista e ingeniero de sonido. Tamén pode ser que o ouvido de Carreira sea privilexiado e atope as coincidencias que nos atopamos entre os dous autores.... ¡Que Dios Ilo conserve!

Nen xiixerá se pode admitir que faga especial fincapé na respiración de Llach amplificada polo micrófono, non en xeito de pulsar as teclas do piano e demais aspectos e interpretativos que corresponden á lóxica "improvisación" empleada por todo músico nas actuacións. Senón remítelo ao desenrollo de moitos temas nas actuacións de Santiago e Vigo (onde xa Llach non aporreou tanto o piano) e houbo diferencias non moi notables pero si "visibles". Ben é certo que Llach as prodiga pouco.

No aspecto teórico considero o traballo do catalán pouco encasillada nas teses de Jdanov ou influenciada polos tics compositivos de Penderecky, en realidade son J. Jacobo Paradox e o Instituto Paradoxológico de Fundación Docente (sección musical) que el mesmo fundou.


Tamén di Carreira que é xeral a "utilización de elementos sonoros preconocidos e cargados socialmente de connotacións, procedentes sobro de todo da música relixiosa" nas creacións de Llach. E absurdo pensar que toda a música deste parte dese feito. O seu traballo ten tres facetas ben diferenciadas: ("Campanadas a mort") 2) a música que fai basada en estruturas musicais helenísticas ("Viatge a Grecia, etc); e a súa propia e orixinal, con moito a máis abundante e de máis calidade ("Jo se", "El jorn dels miserables", "El

bandoler", "La gallineta", "Somni", etc, etc, etc,...). Un analise, ainda superficial, llevaría claramente a esta conclusión.

Por último, non se lle nega a Carreira que Groba, Trillo, Calo e astra Villanueva estean facendo cultura musical en Galicia pero decir que "Fuxan os Ventos" e "Milladoiro" non a están facendo tamén é moito afirmar. Se hoxe se pode falar de que se está facendo cultura musical en Galicia debés mollo, en gran parte a xente como Seoane, Romani, Emilio Cao, etc. Outra cosa é que os seus resultados non sean da calidade dos de

Trillo, que ten capacidade para recuperar e transcribir a música da capilla da Catedral de Santiago. De Groba millor non falar porque non vejo eu tan claro a calidade das suas obras. E Villanueva, en fin, é o seu traballo, non olvidemos que a sua nómima parte do Vicerrectorado de Extensión Universitaria (sección musical) da Universidade de Santiago. E tampoco é un traballo tan meritório, moi más se podería facer se de verdade se quixera e non se trata só de organizar una Mostra de Instrumentos Artesanais Galegos ou crear un Coro Universitario. No fondo, o que latexa é unha filosofía que, se extremaran, podería afirmar que os Rolling Stones non fan cultura musical ou Alan Stivell e tantos outros e que identifica cultura musical cun facer culto, moi necesario pero nunca único.

F. XAVIER COSTAS PORTELA
D.N.I. 76.806.404



De menos sin escala e
Os mestres sin traballo



Foto: XURXO FERNANDEZ
POLO USO IRRENUNCIABLE DO NOSO IDIOMA
CONTRA O DECRETO DE BILINGUISMO

A NOSA TERRA

PERSPECTIVAS DO AGRO GALEGO

MANUELA FRAGUELA SEOANE

Inspirándose na Constitución, discútese no Parlamento en xunio de 1979 o chamado "Plan de Política do Goberno", presentado pola UCD e apoiado como xa é habitual polo PSOE e mais polo PCE.

O PLAN DE POLITICA AGRARIA DO GOBIERNO, vai supoñer un certo orde e concerto nas fururas actuacións en materia de Política Agraria; outra cousa é que por estar ao servizo dos Monopólios, seña contrario os intereses dos labregos galegos e desaxeitado versus da nosa realidade. A partir do "Plan de Política Agraria do Goberno" xa non serán precisas as improvisacións en materia de Política Agraria, dado que o obxectivo fica moi claro "adaptar as estruturas de producción e comercialización de cara a entrada no Mercado Común Europeo" e para conquero pónense os medios necesarios, toda unha chea de accións e disposicións legais, nas que quedan inmersos o Estatuto do leite, a Lei de Montes Veciñais e mais a Política de prezos Agrarios.

Dado que calquera medida ou acción incide sobre dunha realidade concreta e tendo en conta que esa realidade no caso de Galicia, caracterízase ánda hoxe por:

Manter no sector primario, isto é na agricultura, a mitade da sua poboación activa total, o 48 por cen para ser más exactos.

Unha estrutura das explotacións na que o tamaño medio das mesmas é de 6,4 Ha. e non superan as 5 Ha. o 75 por cen do total.

Un alto grado de dispersión e parcelación das explotacións, por término medio unha explotación pode estar integrada por 20 parcelas.

Unha poboación activa agraria composta na sua maior parte por traballadores que superan os 55 anos o que hai que engadir unha moi baixa preparación técnica.

Unha poboación activa na que só son asalariados o 3 por cen do total frente o 97 por cen que son autónomos, esto é, propietarios.

Un índice de mecanización crecente pero insuficiente e un aparato xurídico administrativo totalmente desaxeitado para a base económica na que ten que incidir.

A aplicación sen más das accións e medidas previstas no "Plan de Política Agraria do Goberno" sobre do agro galego tráberán graves consecuencias, xa que unha cousa é que o mesmo precise cambio e transformacións profundas, que requieren non obstante de certa protección, e outra moi diferente é a destrucción que se albisca en aras da entrada na Comunidad Económica Europea.

O Plan de Política Agraria do Goberno, prevé en base os principios que rixen nas chamadas economías libres de mercado, modelo económico consagrado pola Constitución, entre outras medidas as seguintes:

A LIBERALIZACION DOS PRECIOS AGRARIOS E MAIS DAS TRANSACOES, significa, rematar cos prezos fixados e protexidos para os produtos que o precisan e luz verde para calquera tipo de importacións; e desto só sacan tallada un fato de intermediarios ao servizo dos Monopólios e claramente dirixida a desalentar certo tipo de producións (leite, carne...) que continuamente sofren un descenso de valor sen que isto repercuta no grosso da poboación. Pensemos senón, na actual e constante caída do prezzo do gado de abastos, en cuas transacions os labregos galegos están chegando a perder entre 10.000 e 30.000 pts por cabeza, feito que amosa ben as claras o futuro que lle agarra a nosa ganadería ao antoxo da política agraria do Goberno; intresada na monopolización e desfeita das nosas feiras e mercados, nunha política de importacións de choque que permite fundir cada vez máis os xa baixos prezos, na nula protección e apoio para o gado de recría (maioria da nosa produción) así como das explotacións que teñen menos de 10 vacas (tamén maioría), e un longo etc. de actuacións que agravan e determinan a crise existente no sector. E o mesmo acontece no caso do prezzo do leite, xa que o baixo prezzo fixado ao produtor en nada beneficia ao consumidor, volven ser os intermediarios, as Centrais Leiteiras ou os monopolios de demanda no caso do gado, os únicos beneficiarios.

O ESTATUTO DO LEITE, o mesmo que o resto das medidas, tén como obxectivo fundamental "aumentar e modernizar a produción agraria" neste caso mediante a "Reestruturación do sector gadeiro" o que non significa na práctica a sua transformación para acadar niveis de produción óptimos e rentábeis, senón sinxelamente a destrucción das chamadas pequenas explotacións gandeiras (maioria no caso de Galicia) por ser incómodas para a Comunidade Económica Europea, excedentaria dun produto, o leite, no que o valor final da nosa produción no ano 1978 acadou a importante cifra de participación no valor da produción final agraria do 21,5 por cen.

Trátase, en definitiva, de aumentar e modernizar a produción agraria galega en base a unha nova estrutura das explotacións e más a unha nova distribución e composición da poboación activa agraria que, fora de diminuir, pasará a ser minoritariamente asalariada de grandes ou medianas explotacións e non como astra hoxe, propietaria; xa que as terras dos que non poidan competir e xa que logo subsistir, caerán nas mans dos Monopólios, operación facilitada por outra interesante disposición que tamén contén o Plan de Política Agraria do Goberno como é a Lei de Montes Veciñais.

No Estatuto de Leite, recóllese pois todo o relativo a produción, comercialización, industrialización e réxime económico do sector lácteo vacuno, medidas de liberalización dos prezos e dos mercados, así como as chamadas condicións mínimas das "Granxas de Producción Leiteira".

A liberalización dos prezos e dos mercados, traerá a destrucción e o abandono das pequenas explotacións gandeiras galegas, dado que nun réxime de libre competencia non poderán competir coas explotacións moito más adiantadas e tecnificadas que hoxe existen nos países do Mercado Común Europeo.

As chamadas condicións mínimas das "Granxas de Producción Leiteira", ao esixir un mínimo de 10 vacas maiores de 2 anos por explotación, e unha superficie nunca inferior a 6 Ha. adicadas á produción de forraxe, reduce un 5 por cen o total das explotacións gadeiras hoxe existentes en Galicia con posibilidades de subsistir, non cumplir con ditas condicións mais que ese mínimo porcentaxe das nosas explotacións. Asemade, só ese mínimo porcentaxe das nosas explotacións que reunen as condicións de convertirse en Granxas de Producción Leiteira, poderán acollerse ás axudas e melloras que para elas prevé o Estatuto do Leite, entre outras, un contrato coa Central Leiteira receptora do leite no que se estipula o seu prezzo, o control da sua calidade, as matrizes de comercialización, etc. reivindicacións todas moi sentidas pola totalidade dos labregos e que só beneficiarán as Granxas de Producción Leiteira.

O Estatuto, ao fin delimita e reduce o número de explotacións que poderán producir leite polo sinxelo feito de facer ruinosa a produción fora das condicións nel marcadas e do que o verdadeiro obxectivo é eliminar vendedores e polo tanto competidores para os países do Mercado Común Europeo, excedentarios xa dese produción, en troques de calqueira outras melloras que en nada van beneficiar aos labregos galegos. As pequenas explotacións gandeiras galegas, maioría no total das explotacións agrarias, morrerán así de morte natural xa que a alternativa tampoco será a produción de carne dado a crise existente no sector e ánda menos a produción propriamente agrícola (produtos de horta, millo, patacas etc.) dada a pouca ou nula axuda canalizada cara estas producións.

A LEI DE MONTES DE MAN COMUN, escomenza dicindo no seu preámbulo que "Los montes son superficies aptas para explotaciones no sólo de destino forestal sino agrícola e incluso ganadero de orientación cárnicina". Trátase pois dun claro expoñente do que se pensan debemos producir nas nosas explotacións, tendo en conta a entrada na Comunidade Económica Europea, esto é, carne en vez de leite. Esta nova Lei de Montes en Man Común, non vai supor acabar dunha vez co vello pro-

blema da propiedade e a explotación dos Montes Veciñais, xa que en lugar de devolverlos os seus lexítimos propietarios, quen con axudas e subvencións os explotan do xeito máis beneficioso para a comunidade. Prevé a sua usurpación por empresas privadas, públicas e mesmo por particulares. A Lei deixa sen efecto o principio segundo o que os Montes Veciñais eran indivisibles, inembargábeis e inalienábeis e prevé a sua usurpación embargo ou hipoteca naqueles casos, di, enque a comunidade titular non atenda os pagos dos intereses debidos ás Entidades Financieras que concedesen créditos destinados ás súa posta en explotación. Coa intención, de "velar polos intereses dos veciños", a Lei prevé un Plan de Aproveitamento dos Montes, polo que non será posíbel mantelos improdutivos, porque podería o Estado incautarse dos mesmos entregándollos a quien sen dúbida poderian polos en explotación: os monopólios. Se o Estado perseguise realmente que fosen os veciños os que puxeran o monte en explotación, terían, a mais de lexislar, que por nas suas mans unha chea de medidas técnicas e económicas que non aparecen por ningures e non contemplarian a extraña limitación de esixir o acordo do 75 por cen dos veciños para poder pór o monte en explotación eles mesmos, mentres esixe só o 50 por cen cando se trata de cesión a empresas privadas ou á administración Pública. Con disposicións como estas queda ben claro que é o que realmente persigue, é que os veciños "democráticamente e segundo lei" perdan a propiedade do monte, pasando fácilmente ás mans de quien o poden por en explotación, o que é o mesmo que decir ás mans dos monopólios da carne ou da medeira.

Frente a este "Plan de Política Agraria do Goberno", inspirado nos principios económicos da Constitución, e que traerá a total destrucción do agro galego a prol dúa meirande rentabilidade e produtividade, os labregos galegos e o pobo galego en xeral teñen que contrapor un Plan Galego de Política Agraria no que tamén se contempla todo o relativo a produción, comercialización e industrialización do mesmo se ben baixo os principios seguintes:

Máximo desenrollo da nosa riqueza agraria potencial, impedindo a sua actual destrucción e destrago.

Defensa dos intereses dos labregos galegos, o 48 por cen do total da poboación, que pasa hoxe por impedir a sua masiva expulsión do aero e por garantírille un posto de traballo alternativo.

Oposición ás agresións e usurpacións dos monopólios, impedindo que seña os seus intereses e non os da comunidade os que pímen no intre de planificar e mesmo trasformar a nosa agricultura.

Temos pois que levar ao cabo unha profunda transformación das nosas estruturas agrarias, dous nosos xeitos de traballo e cultivo, sustituindo a actual ordenación da nosa agricultura por outra baseada nos sistemas de coleitas múltiples, intensiva en traballo, que tente desenrolar as nosas potencialidades horto-frutícolas, que incremente o uso dos abonos, sementes e maquinaria, que amplie o tamaño medio das explotacións, que intensifique a ganadería tanto para obter carne como leite, que se aproveiten os espacios adicados ao toxo e que se implante unha política forestal acorde con todos estes obxetivos. Temos que trocar o actual circuito de comercialización, potenciando as Cooperativas de produción e comercialización, único xeito de que os posíbeis beneficios volvan revertir sobre dos produtores e non sobre dos intermediarios. Temos que potenciar unha política de industrialización que transforme integralmente os nosos produtos agrários, non só pola evidente potencialidade que temos nesa produción, senón tamén porque é o único xeito progresivo de transformar a nosa agricultura sen destruila e sen expulsar da mesma máis que o meno número posible de traballadores aos que se lles ofrecerá un posto de traballo nas industrias derivadas e transformadoras do agro.

E a consecución deste Plan Galego de Política Agraria, inspirado nas Bases Constitucionais, ten o apoio de organizacións como a AN-PG porque vai contra as medidas coloniais que hipotecan as necesárias transformacións da nosa agricultura, fundamental para un futuro desenrollo non dependente da nosa economía.